

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

Considerando o avance que para as ensinanzas de música supuxo a normativa xurdida da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, este decreto segue fundamentándose no estudo da especialidade instrumental ou vocal, que actúa como eixe vertebrador do currículo e, á vez, pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, sen esquecer a necesidade de perseguir un ensino integrador que, xunto coa formación profesional de carácter artístico, dirixida á consecución de competencias técnico-musicais específicas, inclúa a formación humanística e a educación cívica do alumnado destas ensinanzas. Abórdanse ademais medidas que permitan a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, considérase a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e facúltase a Administración educativa para a adopción de solucións a este respecto.

En canto aos contidos das especialidades instrumentais e vocais, mantense a necesidade de conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Este proceso complexo de educación artística debe ter en conta que os contidos esenciais na formación dun músico que se expresa a través dun instrumento ou do canto están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos, e que o seu desenvolvemento se realiza non tanto pola adquisición de novos elementos como polo afondamento permanente deles. Nesta traxectoria, o grao de dificultade interpretativa virá determinado pola natureza das obras que en cada tramo do proceso se seleccionen.

En relación cos criterios de avaliación, estes establecen o tipo e as ensinanzas de aprendizaxe que se espera que alcance o alumnado nun momento determinado respecto dos obxectivos xerais das ensinanzas,

as capacidades sinaladas nos obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música e os propios de cada especialidade. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, débese medir tendo en conta o contexto do alumnado e as súas propias características e posibilidades. Deste xeito, a avaliación constitúese nunha función formativa e, ademais, nunha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensinanzas, co que se converte nun referente de todo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Xa que logo, este decreto establece o currículo das ensinanzas profesionais de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, regula o acceso a estas ensinanzas.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de setembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DA FINALIDADE E A ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto regula o currículo das ensinanzas profesionais de música consonte o establecido no artigo 48.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e integra o establecido no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

2. Así mesmo, esta disposición regula os criterios de acceso ás ensinanzas profesionais de música.

3. Este decreto é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios profesionais de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grao profesional de música.

Artigo 2º.-Finalidade.

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

2. A finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa,

orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

3. O ensino da música no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

Artigo 3º.-Obxectivos xerais.

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

c) Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

Artigo 4º.-Especialidades das ensinanzas profesionais de música.

O currículo das ensinanzas profesionais de música referirase a cada unha das seguintes especialidades:

Acordeón.

Arpa.

Baixo eléctrico.

Canto.

Clarinete.

Clavecín.

Contrabaixo.

Fagot.

Frauta travesa.

Frauta de bico.

Gaita.

Guitarra.

Guitarra eléctrica.

Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.

Instrumentos de puga.

Óboe.

Órgano.

Percusión.

Piano.

Saxofón.

Trompa.

Trompeta.

Trombón.

Tuba.

Viola.

Viola da gamba.

Violín.

Violoncello.

CAPÍTULO II DO CURRÍCULO

Artigo 5º.-Currículo.

1. As materias correspondentes a cada curso das ensinanzas profesionais de cada especialidade e os tempos lectivos son os que se establecen no anexo I deste decreto.

2. Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para as especialidades e as materias das ensinanzas profesionais de música, son os que se inclúen no anexo II deste decreto.

Artigo 6º.-Obxectivos específicos.

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Artigo 7º.-Materias comúns e propias das especialidades.

As ensinanzas profesionais de música organízanse nas materias seguintes:

1. Materias comúns ás especialidades instrumentais:

- a) Instrumento.
- b) Linguaxe musical.
- c) Harmonía.
- d) Análise.
- e) Historia da música.
- f) Novas tecnoloxías aplicadas á música.

2. Materias propias das especialidades instrumentais:

a) Música de cámara: nas especialidades de acordeón, arpa, clarinete, clavecín, contrabaixo, fagot, frauta de bico, frauta travesa, guitarra, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, viola da gamba, violín e violoncello.

b) Orquestra: nas especialidades de arpa, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta travesa, óboe, percusión,

saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violoncello.

c) Banda: nas especialidades de clarinete, contrabaixo, fagot, frauta travesa, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta e tuba.

d) Conxunto: nas especialidades de acordeón, arpa, baixo eléctrico, contrabaixo, clarinete, clavecín, fagot, frauta de bico, frauta travesa, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violoncello e viola da gamba.

e) Coro: nas especialidades de acordeón, baixo eléctrico, clavecín, frauta de bico, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, órgano, piano e viola da gamba.

f) Repentización e acompañamento: nas especialidades de acordeón, baixo eléctrico, clavecín, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, órgano e piano.

g) Piano complementario: nas especialidades de arpa, baixo eléctrico, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta de bico, frauta travesa, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violoncello e viola da gamba.

3. Materias comúns á especialidade de canto.

- a) Instrumento.
- b) Linguaxe musical.
- c) Harmonía.
- d) Análise.
- e) Historia da música.

4. Materias propias da especialidade de canto.

- a) Idiomas aplicados ao canto.
- b) Piano complementario.
- c) Coro.
- d) Música de cámara.

Artigo 8º.-Materias optativas

1. As materias optativas terán como finalidade complementar o currículo, integrando os itinerarios educativos que o alumnado desexe cursar.

2. Correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ordenación das materias optativas que serán de oferta obrigatoria para os centros.

3. Os centros poderán incluír materias optativas, consonte o que para tales efectos estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en

función das especialidades. En todo caso, as materias optativas ofrecidas polos centros estarán vinculadas a un ou varios itinerarios determinados.

Artigo 9º.-Itinerarios.

1. Co obxecto de facilitar a consecución das finalidades a que se refire o artigo 2 decreto e atender os intereses do alumnado, establécense no sexto curso destas ensinanzas os seguintes itinerarios formativos:

- a) Interpretación.
- b) Composición.
- c) Pedagogía.
- d) Musicoloxía.

2. Os itinerarios educativos estarán constituídos por dúas materias, das cales terá carácter obrigatorio para o alumnado entre as recollidas no punto anterior, e a restante será opcional, elixida polo alumnado entre as materias optativas.

Artigo 10º.-Autonomía dos centros.

1. Os centros docentes disporán da necesaria autonomía pedagóxica e organizativa. Favorecerase o traballo en equipo do profesorado e estimularase a súa actividade investigadora a partir da práctica docente.

2. No marco da súa autonomía, os centros docentes concretarán e complementarán o currículo das ensinanzas profesionais de música establecido neste decreto, mediante a elaboración dos correspondentes proxectos educativos de centro.

3. Consonte ao seu proxecto educativo e de acordo co que para tales efectos estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os centros docentes establecerán, polo menos, a súa oferta educativa coas especialidades e os itinerarios que a conforman, as materias optativas, os criterios xerais para a elaboración das programacións didácticas, os procedementos e os criterios de avaliación, as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial, así como calquera outra consideración que favoreza a mellora dos resultados escolares do alumnado.

4. Os centros promoverán, de igual xeito, compromisos coas familias e co propio alumnado en que se especifiquen as actividades que se comprometan a desenvolver para facilitar o seu progreso educativo.

5. Os departamentos didácticos correspondentes elaborarán as programacións didácticas das materias para os cursos, no marco do proxecto educativo de centro.

6. O profesorado desenvolverá a programación docente de acordo co currículo e co proxecto educativo do centro, incluíndo a secuencia por cursos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación e os programas de cada materia. A devandita secuencia non deberá variar para un mesmo grupo de alumnado ao longo das ensinanzas.

CAPÍTULO III

DO ACCESO E MATRÍCULA

Artigo 11º.-Acceso ao primeiro curso.

1. Para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

3. Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

4. Para a especialidade de canto, a proba consistirá en:

a) Interpretación de tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e será precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

5. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

6. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 12º.-Acceso a outros cursos.

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a

calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

3. Esta proba constará de dous exercicios:

a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

5. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Artigo 13º.-Admisión de alumnado.

A admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso a que se refiren os artigos 11º e 12º deste decreto.

Artigo 14º.-Matriculación.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as normas de admisión e matrícula, así como as condicións dos traslados de centro.

2. No caso do alumnado que curse máis dunha especialidade, unicamente cursará as materias comúns por unha delas. Unha vez cursadas e superadas nunha especialidade, a cualificación obtida é válida para todas as especialidades, e deste xeito deberá constar no libro de cualificacións.

3. Para os efectos do establecido no punto anterior, a materia de piano complementario considérase común das especialidades que a inclúen.

4. Así mesmo, o alumnado poderá formalizar matrícula no sexto curso en máis dun itinerario e en máis dunha materia optativa.

Artigo 15º.-Matrícula excepcional.

É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

CAPÍTULO IV

DA AVALIACIÓN A PROMOCIÓN E A PERMANENCIA

Artigo 16º.-Avaliación.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

2. A avaliación das ensinanzas profesionais levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

3. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo.

4. A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, realizaraa o conxunto do profesorado do alumno ou da alumna coordinado polo profesor ou a profesora que desempeñen a titoría. Este profesorado actuará de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisións resultantes do devandito proceso.

5. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

6. Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

Artigo 17º.-Promoción.

1. O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias.

2. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental ou vocal, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior.

3. A cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

4. O alumnado que no remate do sexto curso tivese pendente de avaliación positiva tres materias ou máis deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza en unha ou dúas materias, só cumprirá que realice as materias pendentes.

5. En relación co punto anterior, os centros poderán, segundo as súas disponibilidades, autorizar a asistencia do alumnado con unha ou dúas materias pendentes, como oínte, ás clases das materias xa superadas.

Artigo 18º.-Permanencia.

1. O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais de música será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, bardante no sexto curso.

2. Con carácter excepcional, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar ampliar un ano a permanencia do alumnado no grao profesional, en supostos de doenza que perturbe substancialmente o desenvolvemento dos estudos ou outros supostos que merezan igual consideración.

3. En calquera caso, a permanencia nas ensinanzas profesionais non poderá superar os nove anos, incluído, de ser o caso, o da ampliación concedida.

Artigo 19º.-Titulación.

1. O alumnado que superase as ensinanzas profesionais de música obterá o título profesional de música, onde constará a especialidade cursada.

2. Quen finalice as ensinanzas profesionais de música obterá o título de bacharelato se supera as materias comúns do bacharelato, aínda que non realízase o bacharelato da modalidade de artes na súa vía específica de música e danza.

CAPÍTULO V

DOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

Artigo 20º.-Documentos de avaliación.

1. Son documentos de avaliación das ensinanzas profesionais de música o expediente académico persoal, as actas de avaliación, o libro de cualificacións e os informes de avaliación individualizados.

2. Dos documentos de avaliación, terá a consideración de documento básico o libro de cualificacións.

3. Os documentos de avaliación levarán as sinaturas fidedignas das persoas que correspondan en cada caso, con indicación do posto desempeñado. Debaxo delas constará o nome e os apelidos do asinante.

4. Correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a regulación e o establecemento dos modelos oficiais dos documentos de avaliación a que fai referencia o punto anterior.

5. En relación ao libro de cualificacións, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o procedemento de solicitude e rexistro do citado documento.

CAPÍTULO VI

MEDIDAS DE APOIO AO CURRÍCULO

Artigo 21º.-Formación permanente do profesorado.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizará unha oferta de actividades formativas consonte as necesidades que deriven dos programas educativos.

2. As actividades de formación permanente do profesorado terán como obxectivo o perfeccionamento da práctica educativa que incida na mellora dos rendementos do alumnado e do seu desenvolvemento persoal e social.

3. Periodicamente, o profesorado desenvolverá actividades de actualización nos centros educativos e nas institucións formativas específicas. O principio de igualdade, de conformidade co disposto polo artigo 9.2º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e o artigo 24.2º.c da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, incluírase nos programas e actividades formativas, de perfeccionamento e de actualización do profesorado.

Artigo 22º.-Investigación, experimentación e innovación educativas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria impulsará a investigación, a experimentación e a innovación educativas mediante a convocatoria de axudas a proxectos específicos, incentivando a creación de equipos de profesorado, así como a colaboración coas universidades e outras institucións e, en todo caso, xerando un marco de reflexión sobre o funcionamento real e a mellora do proceso educativo.

Artigo 23º.-Materiais de apoio ao profesorado.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria favorecerá a elaboración de materiais de apoio ao profesorado que desenvolvan o currículo e ditará disposicións que orienten o seu traballo nese sentido.

CAPÍTULO VII

CORRESPONDENCIA CON OUTRAS ENSEINANZAS

Artigo 24º.-Correspondencia entre ensinanzas profesionais de música e ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Co fin de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 47 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no marco da normativa básica vixente, regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente as ensinanzas profesionais de música, e a educación secundaria e o bacharelato. Para tales efectos, a citada regulación deberá abordar a adopción de medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as validacións, as adaptacións curriculares e as condicións para o desenvolvemento dunha oferta integrada das ensinanzas reguladas neste decreto e as correspondentes á educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Disposicións adicionais

Primeira.-Creación de novas especialidades.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá promover ante o Goberno a ampliación

das especialidades das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, para dar acollida a outras en razón do seu grao de interese etnográfico, histórico ou cultural.

Segunda.-Alumnado con discapacidade.

1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.

Terceira.-Incorporación de alumnado procedente de plans anteriores con materias pendentes.

1. Sen prexuízo das equivalencias establecidas no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando un alumno ou unha alumna non superasen dúas ou máis materias do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que deberán realizar completo.

2. Así mesmo, cando un alumno ou unha alumna teña cualificación negativa nunha materia do curso que estea a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao curso seguinte das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a superación das materias pendentes e a tramitación administrativa da incorporación do alumnado ao novo plan de estudos.

Cuarta.-Matrícula de honra e premio fin de grao.

Como recoñecemento ao alumnado con mellor expediente académico, establécese a cualificación extraordinaria de matrícula de honra e o premio de fin de grao. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a obtención de ambas as dúas distincións académicas.

Quinta.-Adscrición de materias do currículo.

Consonte o artigo 4 do Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesorado de música e artes escénicas, se adscribe a elas o profesorado do devandito corpo e se determinan as materias que se deberán impartir, as seguintes materias establecidas neste decreto quedan adscritas ás especialidades que a seguir se relacionan:

Materias do currículo	Especialidades ás cales se adscriben indistintamente
Análise	Fundamentos de composición
Novas tecnoloxías aplicadas á música	Fundamentos de composición Historia da música Linguaxe musical
Repentización e acompañamento	Especialidade instrumental correspondente Linguaxe musical Fundamentos de composición
Itinerario de interpretación	Especialidade instrumental
Itinerario de pedagogía	Linguaxe musical
Itinerario de musicoloxía	Historia da música
Itinerario de composición	Fundamentos de composición
Piano complementario	Linguaxe musical Fundamentos de composición Piano

Sexta.-Matriculación de alumnado feminino.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os centros de ensinanzas profesionais de música poderán adoptar medidas de acción positiva que fomenten a matriculación do alumnado feminino nas especialidades en que por razóns históricas, estruturais ou outras exista unha notoria infrarrepresentación das mulleres.

Disposición transitoria

Única.-Vixencia do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos devanditos graos.

Ata a implantación da nova ordenación das ensinanzas profesionais de música establecidas neste decreto, de acordo co disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estas ensinanzas rexeranse polo establecido no Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, e o acceso aos devanditos graos, e as disposicións que o desenvolven.

Disposición derogatoria

Única.-Derrogación normativa.

Quedan derogados os artigos 1, 2, 3, 7, 8, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20 e 21, así como as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, e o acceso aos ditos graos,

no relativo á regulación do grao medio, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación normativa.

Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e sete de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Ensinanzas profesionais

Especialidades de arpa, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta travesa, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violoncello.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Orquestra/banda	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Conxunto	1	1				
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5,5	5,5	6	7	8	8

Especialidades de guitarra, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, e instrumentos de puga.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1		
Coro	1	1	1	1	1	1
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Repentización e acompañamento					0,5	0,5
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5	5	6,5	7,5	8	8

Especialidades de acordeón, clavecín, órgano e piano.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1		
Coro	1	1	1	1	1	1
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Historia da música				2	2	
Repentización e acompañamento				1	1	1
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5	5	6	8	8	8

Especialidade de canto.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Coro	1	1				
Música de cámara			1	1	1	1
Idiomas aplicados ao canto	1,5	1,5	1	1	1,5	1,5
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5,5	5,5	5,5	7,5	8	8

Especialidades de baixo eléctrico e de guitarra eléctrica.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1	1	1
Coro	1	1	1	1	1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Repentización e acompañamento					0,5	0,5
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5	5	6,5	7,5	8	8

Especialidade de gaita.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1	1,5	1,5
Coro	1	1	1	1	1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5	5	6,5	7,5	8	8

Especialidades de fruta de bico e viola da gamba.

Materias	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1,5	1,5		
Coro	1	1	1	1	1	1
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas: (40 horas)	5	5	7	8	7,5	7,5

ANEXO II

ANÁLISE
Introdución

O nivel técnico e interpretativo do alumnado nos dous últimos cursos do grao profesional permíttelle traballar cun repertorio de obras cunhas dimensións formais, unha complexidade harmónica, polifónica e de elaboración temática, e unha variedade estilística e estética que fan necesario afondar no coñecemento dos principais elementos e do procedemento da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de avanzar cada vez máis nunha comprensión das devanditas obras sen que sexa imprescindible desenvolver a destreza nas técnicas de escritura. Este avance pódese realizar a través da análise, como ferramenta imprescindible para calquera que sexa o futuro profesional do estudante.

A disciplina de análise pretende subministrarlle o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes.

Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música se lle poidan aplicar os criterios da lingüística que supoñen unha vía fecunda cara ao coñecemento. Os criterios de sincronía (definindo a mutua relación dos elementos da obra) e diacronía (a evolución destes no tempo) son, quizais, os que máis axeitadamente se adaptan á análise musical. É importante a valoración de toda obra musical como pertencente a un estilo ou a un autor e a unha época, que só adquiren a súa exacta dimensión cando se relacionan intimamente cos estilos ou as épocas anteriores e posteriores.

A análise está concibida como materia común para todas as especialidades nos dous últimos cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musi-

cais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesor ou a profesora leven a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos, etc., e que a súa comprensión sexa indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional, o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunha materia tan incuestionable.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras.

Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

Obxectivos

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

b) Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agógica, tímbrica, articulación, etc.

c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación

dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.

d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

e) tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

Contidos

-Coñecemento básico dos principais e dos máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade (incluíndo referencias á música non occidental).

-Estudo a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical (macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía -cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación, etc.), a partir de obras de diversas épocas e autores, dos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

-Práctica auditiva e instrumental dos acordes e das fórmulas harmónicas máis características das épocas da práctica tonal, que conduza á súa interiorización.

Criterios de avaliación

1) Identificar mediante a análise de obras os compoñentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental. Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos elementos estudados e a comprensión desde o punto de vista do estilo considerado sincronicamente e diacronicamente.

2) Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo.

3) Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas máis pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os criterios seguidos polo autor ou a autora na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc.), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala, e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles.

4) Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a grande escala. Mediante este criterio poderase

avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumnado, a través da identificación dos elementos e dos procedementos estudados.

CONXUNTO

Introdución

O conxunto instrumental constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentador e aplicar, ademais das habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias. Desde este punto de vista, o conxunto tamén poderá permitir percorrer o repertorio para diversas formacións, de diferentes épocas ou estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

O proceso de ensino e aprendizaxe das especialidades instrumentais ten un forzoso carácter individual. Por iso, o currículo que agora se presenta alberga, como unha nova materia dun colectivo de estudantes, a materia de conxunto, que terá por finalidade, en esencia, a actividade de grupo, como no caso da orquestra, da banda ou de coro, todas dirixidas ao proceso de obtención de novos coñecementos e a súa aplicación na práctica social e representativa do centro en que se realicen os estudos.

Neste desenvolvemento normativo considerouse conveniente reforzar as actividades de grupo e aumentar a súa presenza nos centros. A incorporación de novas especialidades instrumentais, cuxas literaturas amosan amplos repertorios de conxunto específicos, sinala a idoneidade de incluír a materia de conxunto como unha materia máis no marco das ensinanzas profesionais de música. Por outra banda, razóns de índole organizativa dos centros sinalan a conveniencia de ampliar esta nova materia de grupo a prol da participación de todos os estudantes de calquera especialidade instrumental cursada.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas. O carácter propedéutico das ensinanzas profesionais de música leva consigo a incorporación do alumnado ás agrupacións que se configuren no seus centros co fin de propiciar un marco amplo de experiencias que lle permita ao alumnado dirixirse cara á formación musical que máis se adapte ás súas calidades, aos seus coñecementos e aos seus intereses.

A práctica indistinta de grupo na orquestra, na banda, no coro e, de ser o caso, no conxunto que corresponda ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado ao procurarse unha organización máis flexible do ensino. Por unha banda, esta participación en agrupacións ha permitir que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco axeitado para a práctica instrumental colectiva; por outra parte, supón e garante a presenza activa do alumnado nunha das actividades que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do centro na sociedade.

As tradicionais asociacións de instrumentos darán paso a un repertorio que alberga un complexo entrelacemento de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterio e a igualdade da execución, que teñen que ser as principais metas para lograr. O alumnado, como noutras agrupacións, deberá incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersonal en prol de alcanzar aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación (afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade no ataque, claridade nas texturas, etc.), adquirindo progresivamente unha serie de habilidades e hábitos acordes co seu papel no grupo que estará condicionado ao repertorio do seu instrumento.

En síntese, igual que sucede na orquestra, na banda e no coro, o conxunto ha propiciar a responsabilidade compartida. Por unha parte, as relacións humanas entre o alumnado, afeito á práctica instrumental individual, levarán consigo, como membros dun corpo colectivo, todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas. Por outra banda, a práctica en grupo motivará a actitude de escoita, propiciará a memoria de paisaxes instrumentais e fomentará o estudo individual, que reverte no grupo e incentivará unha actitude de disciplina dificilmente abordable en actividades individuais.

Obxectivos

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Dominar o propio instrumento de acordo coas exixencias de cada obra.
- c) Respetar as normas que exige toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.

j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agóxico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

Criterios de avaliación

- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar os seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- 5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

CORO Introdución

O coro, polas súas características intrínsecas, é un espazo de formación de primeira orde non só para aprender a técnica vocal, senón tamén para reforzar os coñecementos adquiridos noutras materias. Desde este modo de ver, o coro tamén permitirá contribuír a facer un percorrido polas épocas e os estilos, co que se amosa unha vez máis que os obxectivos dunhas materias e das outras deben coordinarse desde unha perspectiva común.

A propia práctica interpretativa, tal e como esta se decantou definitivamente a partir das innovacións levadas a cabo no período romántico, opera unha distinción fundamental entre os instrumentos, segundo estes puidesen ou non inserirse na estrutura e nas necesidades cotiás dunha orquestra sinfónica. Como regra xeral, pódese afirmar que os instrumentos homofónicos forman parte desta, en canto que son os polifónicos forman parte desta, en canto que son os polifónicos, precisamente pola súa propia condición, os que permanecen á marxe desta, igual que, por motivos ben diferentes, os chamados instrumentos históricos, en desuso xa antes do nacemento da orquestra tal e como hoxe a concibimos.

Se o currículo de ensinanza profesional de música acolle a materia de orquestra ou, de ser o caso, de banda ou de conxunto, para o primeiro tipo de instrumentos citados, resulta tamén obrigada a inclusión dunha materia que opere de igual maneira na formación do alumnado. Neste sentido, imponse tamén unha materia que incorpore, por un lado, un matiz de colectividade e, por outro, unha relativización do papel que xoga o intérprete na consecución dos resultados finais.

Dada a autosuficiencia dos instrumentos polifónicos, a práctica coral halles proporcionar aos instrumentistas unha perspectiva nova. Así, o hábito de interpretar varias voces a un tempo pode redundar nunha perda da capacidade para cantar, para dicir coa máxima concentración musical unha única voz. «Para tocar ben cómpre cantar ben», di un antigo proverbio italiano. O instrumentista, por así dicilo, afástase da polifonía e retorna á orixe, á monodía e á primeira canle expresiva posible: a voz humana. Vaina utilizar con maior naturalidade e flexibilidade que o seu propio instrumento, e vai afrontar a interpretación dunha melodía (ou unha voz do tecido polifónico) cunha musicalidade e unha intuición cantable con frecuencia entorpecidas pola complexa técnica do seu instrumento.

Xa que logo, cantar converterase nun modelo e nunha vía alternativa de aproximación á música, desligada da lenta e complexa aprendizaxe dunha técnica. Os alumnos e as alumnas sentirán como as barreiras que parecían interporse entre o seus corpos e os seus instrumentos desaparecen, e como a música xorde con espontaneidade e de inmediato. É o seu propio corpo quen a produce desde o seu interior, e que, pola súa vez, actúa como executante e como caixa de reso-

nancia. É o corpo quen se transforma en música, experiencia que sen dúbida enriquecerá o alumnado e modificará substancialmente a perspectiva da súa aproximación ao instrumento.

Por outra banda, igual que sucede coas materias de orquestra, de banda e de conxunto, a actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un *modus operandi* de carácter fortemente individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na cal a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos, que non requiren da participación do intérprete para conseguila), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos para acadar. A actitude de escoita e de adecuación da súa voz á dos seus compañeiros de rexistro, por unha banda, e á suma de todo o conxunto, por outra, redundarán tamén en beneficio da amplitude de miras e do enriquecemento musical do instrumentista.

O coro ha fomentar, ademais, as relacións humanas entre o alumnado, afeito a unha práctica instrumental individual. Como na execución orquestral, o coro incentivará tanto unha actitude de disciplina como a necesidade de seguir as indicacións da dirección, de xeito que o traballo realizado nos ensaios pode dar os seus froitos no concerto ou na interpretación da versión definitiva dunha obra. A sensación, como integrantes dun corpo colectivo, será tamén moi diferente, xa que o alumnado sentirá a responsabilidade compartida, ao se ver apoiado e, dalgún xeito, protexido polos demais membros cos cal, sen dúbida, xurdirán relacións de compañeirismo e de intercambio.

A historia amósanos como as capelas musicais de catedrais, igrexas e cortes constituíron a mellor escola para formar compositores e instrumentistas ou cantantes. Algúns países da nosa contorna cultural conservaron esta tradición e moitos dos seus músicos máis salientables iniciaron a súa formación deste xeito. A actividade coral permite un achegamento á gran tradición polifónica -particularmente rica no caso do noso país- e, non menos importante, ao riquísimo patrimonio folclórico. Este contraste entre repertorio culto e popular, relixioso e profano, acentúa aínda máis, se cadra, a importancia desta disciplina coral e a necesidade da súa inclusión no currículo das ensinanza profesional.

Obxectivos

As ensinanza de coro dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- b) Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.

e) Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

f) Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.

g) Ler á primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras. Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

Contidos

-Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.

-Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.

-Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.

-Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.

-Entoación de intervalos consonantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para afianzar a afinación.

-Práctica da lectura á vista.

-Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.

-Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.

-Valoración do silencio como marco da interpretación.

-Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.

-Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros ámbitos culturais.

Criterios de avaliación

1) Reproducir en cuarteto -ou a correspondente repartición- calquera das obras programadas durante o curso.

2) Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa inte-

gración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección.

3) Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda.

4) Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.

5) Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais.

6) Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura á vista.

7) Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade.

8) Trátase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos.

9) Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido.

10) Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.

HARMONÍA Introdución

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que, aínda que distintos no conceptual e, por tanto, divisibles analiticamente, percibimos dun xeito unitario nun contexto musical. A harmonía ocúpase, por unha banda e dentro dunha consideración morfolóxica, do que se produce nun mesmo instante temporal, e por outra parte, dentro do sintáctico, da súa relación co que a antecede e co que a segue: a súa función no contexto de que forma parte.

O sistema tonal -que pode ser cualificado como unha das maiores e máis prolíficas invencións do xénero humano- pode chegar a ser, polas consecuencias derivadas da simplificación que supón, un forte condicionamento para a audición pura de músicas non compostas consonte os seus postulados e a súa mecánica. O coñecemento das súas peculiaridades é, nas mans de quen coñece a fondo todas as cuestións relativas á súa formación e disolución, unha poderosa ferramenta para desenvolver unha escoita intelixente e consciente que permita valorar, na súa xusta medida, tanto a música composta segundo os seus principios como a que non se axusta a eles.

Correspóndelle ao ensino da harmonía a achega do coñecemento profundo do devandito sistema, así

como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compoñen.

Por ser a harmonía a continuación da linguaxe musical, é lóxico que os seus aspectos teóricos máis básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. Por outra banda, a práctica da entoación e o repertorio do instrumento estudado, así como a asistencia do alumnado ás actividades musicais propias do seu contorno social, sitúano, sen dúbida, en contacto cunha práctica e un repertorio baseados no predominio case absoluto de músicas compostas consonante o sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación nesta etapa dos estudos musicais.

Partindo deste suposto, o ensino da harmonía deberá ir paso a paso descubríndolle ao alumnado o que xa sabe sen saber que o sabe; actuará de xeito similar á gramática da propia lingua: non ensinando a falar senón a comprender como se fala.

Nas ensinanzas profesionais de música o ensino da harmonía estará centrado, basicamente, no estudo do devandito sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que precisamente son estudables e analizables pola permanencia que leva consigo o feito de que as devanditas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se pode perder de vista no estudo da harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de occidente, e que nos seus elementos morfolóxicos e na súa sintaxe están presentes elementos e procedementos de seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

Á parte disto, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo, de xeito progresivo, ampliar a progresión de determinadas ensinanzas, como a historia da música, coas cales a harmonía deberá irmandarse, co fin de procurar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Os contidos da materia responden a unha ordenación lóxica e progresiva dos elementos e dos procedementos postos en xogo no sistema tonal. Nos conceptos correspondentes a cada un dos elementos estudados non só deberá prestarse atención ao aspecto mecánico do seu emprego -criterio sincrónico-, senón que cumprirá unha valoración diacrónica en que se dean cita consideracións históricas e estilísticas. Esta valoración levarase a cabo fundamentalmente por medio da análise, que é unha materia importantísima para traballar durante este período de estudos.

Con respecto aos procedementos, terase en conta que o alumnado aprende ao longo destes estudos o concenrente aos aspectos morfolóxico e sintáctico da harmonía tonal. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o seu aproveitamento, desenvólvense unha serie de criterios que orientan a disciplina desde un tratamento esencialmente vertical, case homofónico,

da realización da harmonía, co fin de que os elementos e os procedementos morfolóxicos e sintácticos que constitúen a súa dobre dimensión sexan comprendidos na súa formulación máis esquemática, ata o emprego de técnicas de escritura máis relacionadas coa realidade musical.

Así mesmo fomentárase, xa desde o comezo do estudo desta materia, a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas -referentes tanto á harmonía como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo, etc.- que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

Obxectivos

As ensinanzas da harmonía dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.
- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.
- e) Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.
- f) Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
- g) Aprender a valorar a calidade da música.
- h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- i) Tocar esquemas básicos no piano.
- j) Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

Contidos

- O acorde.
- Consonancia e disonancia.
- Estado fundamental e inversións dos acordes tríades e de sétima sobre todos os graos da escala e dos acordes de novena de dominante.
- Enlace de acordes.
- Tonalidade e funcións tonais.

-Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal.

-O ritmo harmónico.

-Cadencias perfecta, imperfecta, plagal e rota.

-Procesos cadenciais.

-Modulación: diatónica e cromática, por cambio de función tonal, cambios de ton e modo, etc.

-Flexións introtonais.

-Progresións unitonais e modulantes.

-Series de sextas e sétimas.

-Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.

-Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos.

-Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a forma musical.

Cráterios de avaliación

1) Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical.

2) Realizar exercicios de harmonización a partir de triplas dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo.

3) Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano.

4) Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas.

5) Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderase avaliar o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos

tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións.

6) Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.).

7) Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados.

8) Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.

9) Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.

10) Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico.

11) Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

12) Identificar, mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas.

13) Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter basicamente homofónico. Con este criterio poderase valorar tanto a capacidade do alumnado para improvisar os encadeamentos e os procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades como o grao de interiorización destes.

14) Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o

escrito e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas.

HISTORIA DA MÚSICA

Introdución

A historia da música débelle descubrir ao alumnado a existencia dun amplo espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical. O currículo debe incluír necesariamente unha materia que permita localizar, comprender, assimilar e comentar con facilidade calquera evento sonoro que estea ao alcance do alumnado. Xa que logo, esta disciplina debe ter un marcado enfoque práctico e utilitario: non se trata, en ningún caso, da simple enumeración de datos, obras, datas e autores que obrigue a realizar un estéril exercicio memorístico. A súa principal finalidade debe ser facerlle comprender ao alumnado que a música vai alén das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento día a día. Debe presentar un amplo panorama histórico en que teñan cabida os períodos en que, cun criterio máis ou menos convencional, se adoita dividir a historia da música, e abordalos dun xeito crítico, con consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Por esta razón convén afondar moi especialmente nas épocas que legaron literatura musical, independentemente da existencia doutras correntes anteriores, máis propias dos estudos especializados de musicoloxía que de interese para o alumnado.

O alumnado debe aprender con claridade as características máis salientables e as circunstancias de toda índole de cada período mediante a audición de obras representativas e o contacto coas fontes existentes. Por iso, terase en conta a previa instrución cultural recibida no ensino obrigatorio, que o profesorado debe aproveitar incidindo na evolución da música como un fenómeno conectado co resto das artes, pola súa vez dependentes dos cambios operados na política, na relixión e na sociedade. O coñecemento dun amplo espectro de estilos acentuará o seu sentido crítico; a práctica de audicións comentadas moldeará o seu gusto e permitiralle unha escoita máis artística e menos técnica; o contacto coas fontes axuda a entender a música como unha manifestación sustentada e dependente doutros factores sociais, e non como unha simple sucesión de notas. O coñecemento adquirido facilita a súa interpretación, xa que a partitura se reviste dunha nova dimensión, o que permite unha perfecta situación temporal, cultural e estilística.

Deste xeito, a materia debe abordar aspectos como os seguintes:

-Emprego de recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da música.

-Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais -coa excepción, quizais, das compostas nos últimos anos-existiron no seu primeiro momento como manuscritos.

-Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só a internet logrou superar en tempos recentes.

-Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.

-Fontes sonoras.

-Consideración do músico en diversos países e períodos.

-Evolución da notación musical, considerando o percorrido diacrónico a través das principais notacións da historia.

-Periodización da historia da música.

-Relación entre a evolución histórica dos estilos e as transformacións dos instrumentos.

-Existencia de sonoridades propias de cada período.

-Interpretación, entendida como a tradución práctica da partitura segundo o estilo, e non como unha simple execución.

-Aparición, evolución e permanencia das formas e dos xéneros musicais.

Malia a perspectiva eminentemente práctica da materia, que debe perseguir a participación activa do alumnado, a historia da música non debe desligarse, lóxicamente, das bases teóricas precisas, baseadas nomeadamente nas fontes históricas. Xa que logo, o alumnado débese familiarizar con escrituras e graffías diferentes das que ten o hábito de manexar, e iniciarse na consulta de documentos, tratados e todo tipo de fontes -escritas, iconográficas, sonoras, etc. -que lle faciliten comprender a música, desde a información e as claves creativas e culturais experimentadas polos propios compositores.

Obxectivos

O ensino da historia da música no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.

b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.

d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións esta-

blecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.

e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

Contidos

-A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).

-A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.

-Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.

-A evolución da notación.

-Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico-interpretativas e da propia composición do repertorio.

-Aproximación crítica á periodización da historia da música.

-Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

-Comentario de texto literario musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

-Análise iconográfica.

-Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.

-Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.

-Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.

Criterios de avaliación

1) Identificar, a través da audición, obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos históricos estilísticos. Mediante este criterio avalíanse os coñecementos do alumnado no relativo á distinción dos estilos e as súas peculiaridades.

3) Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos representativos de diversos períodos históri-

cos con situacións musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

4) Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto desde unha perspectiva persoal.

5) Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.

6) Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.

7) Identificar as circunstancias de todo tipo -políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.-que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.

8) Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e para relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

9) Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia nin a oportunidade da temática.

IDIOMAS APLICADOS AO CANTO Introdución

O canto é a única disciplina musical que está indisolublemente ligada a outras disciplinas artísticas a través dun dos medios primordiais de comunicación e expresión: a palabra. O texto está na orixe mesma de toda música cantada, ata o punto de que os comezos da literatura musical deben ir procurarse nos primeiros testemuños que se conservan de cerimoniais reli-

xiosas e de lírica popular, que se compuxeron para seren cantadas.

O patrimonio vocal acumulado a partir de tan remotas orixes é dunha incalculable riqueza, que se pode cuantificar partindo do dato de que a música puramente instrumental -cuxo protagonismo se incrementou ao longo dos séculos- ten a súa orixe mesmo na tradición vocal, na necesidade, tan antiga como a música mesma, de acompañar o canto monódico, individual ou plural, e, máis tardiamente, no uso de duplicar as voces no canto polifónico, do que acabará independizándose, dando lugar así a novas e importantísimas formas de arte sonora.

Posto que texto e música están indisolublemente unidos desde a súa orixe na música cantada, a especialidade de canto debe incluír unha materia destinada á aprendizaxe dos principais idiomas que son de uso corrente na música vocal, como o latín, o italiano, o francés, o alemán, o inglés, o ruso, etc., ademais das linguas oficiais do Estado. Antes de transmitir unha mensaxe é preciso comprendela para, a seguir, achegala de xeito intelixible ao suxeito receptor, que neste caso é o oínte, o público en xeral. Xa que logo, temos dunha parte a necesidade ineludible de entender un texto para o poder comunicar con pleno sentido, e doutra parte a obriga non menos perentoria de «dicir» ese texto de xeito correcto en canto á súa articulación, pronuncia e acentuación. A este respecto cómpre sinalar a importancia que algúns fonemas posúen, no relativo á súa específica sonoridade, para provocar certos efectos musicais: a pura sonoridade de certos fonemas pode influír decisivamente na expresión.

Como complemento aos obxectivos puramente prácticos da materia, serán moi convenientes todos os coñecementos adicionais que se poidan adquirir en relación ao idioma e á cultura da cal procede, tales como literatura, arte, etc. Non son coñecementos superfluos, senón que poden ser unha axuda valiosísima á hora de enriquecer unha interpretación.

A aprendizaxe dun idioma aplicado ao canto é algo que debe ir á par dos estudos vocais, afondando sempre de igual xeito en ambas as direccións: o coñecemento do idioma debe acompañar sempre o progresivo dominio da técnica vocal.

Obxectivos

- a) Coñecer ben a fonética dos idiomas de que se trate.
- b) Comprender todo tipo de mensaxes orais e escritas en calquera das linguas usuais no repertorio.
- c) Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, dándolles o seu cabal sentido e unha adecuada expresión.
- d) Utilizar a lectura de textos para familiarizarse cos rexistros lingüísticos da lingua cotiá e da lingua literaria.
- e) Valorar a importancia da lingua dentro dun texto cantado.

f) Apreciar a riqueza que supoñen as culturas e as súas linguaxes, concibidas, estas últimas, como outras tantas formas de codificar a experiencia e de facer posibles as relacións interpersoais.

Contidos

- Comprensión global de mensaxes orais.
- Reproducción e produción de mensaxes orais.
- Adestramento das destrezas fonéticas: articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas, pronuncia correcta, aplicación da fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico, etc.
- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.
- Análise fonética para diferenciar signos de forma autónoma.

Criterios de avaliación

- 1) Emitir correctamente breves contidos orais na lingua estudada. Este criterio serve para avaliar a capacidade de comprensión do alumnado no idioma estudado.
- 2) Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada. Este criterio pretende valorar a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.
- 3) Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais. Este criterio avalía a capacidade de comprensión e relación do texto coa obra musical.
- 4) Transcribir e comentar foneticamente textos de partituras estudadas. Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aplicar autonomamente os coñecementos fonéticos na interpretación musical.
- 5) Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado. Este criterio avalía o dominio do alumnado en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

ITINERARIOS
a) *Interpretación*
Introdución

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumnado ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxectivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario de interpretación como o colofón natural deste desenvolvemento.

O itinerario de interpretación pretende dotar o alumnado dunha base teórico-práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo do século XX.

Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete.

Ante todas estas consideracións previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece e, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

Obxectivos

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.

2. Tomar conciencia das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.

3. Coñecer as prácticas interpretativas por medio das fontes sonoras e escritas axeitadas, para abordar a interpretación do repertorio consonte os estilos interpretativos da música occidental.

4. Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, para alcanzar unha base sólida que lle permita ao alumnado diversificar as súas preferencias musicais.

5. Valorar a interpretación a través da propia execución con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.

6. Introducción á análise interpretativa por medio das novas tecnoloxías.

Contidos

-Organización do traballo diario.

-Exercitación progresiva da memoria.

-Técnicas de relaxación.

-Concentración e respiración.

-Coñecemento corporal aplicado á execución.

-Control do medo escénico.

-Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento.

-Audición activa do repertorio.

-Coñecementos das fontes audiovisuais e escritas dos intérpretes máis relevantes.

-Audicións comparadas.

-Actitude positiva ante as audicións e os traballos propostos.

-Toma de conciencia do papel para desenvolver na agrupación da que se forme parte.

-Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas. Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes.

Criterios de avaliación

1) Controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas. Mediante este criterio preténdese valorar o grao de relaxación, concentración e respiración que pode conseguir o alumnado para evitar as tensións que poidan provocar un esforzo físico innecesario e o medo escénico.

2) Analizar audicións dunha mesma obra nas tres versións interpretativas: formalista, historicista e histórica. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para delimitar e establecer os criterios estilísticos que rexeron a interpretación do repertorio dado ao longo do século XX.

3) Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumnado co obxecto de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.

4) Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.

5) Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas. Mediante

este criterio preténdese avaliar o grao de participación do alumnado, así como ou seu interese na clase.

6) Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de implicación do alumnado co grupo e a súa colaboración para desempeñar o papel que lle corresponda dentro del.

7) Xulgar as interpretacións propias e alleas. Mediante este criterio búscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante as doutros intérpretes.

8) Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo. O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, por medio das tecnoloxías adecuadas, e pode percibir unha interpretación dada en comparación co texto para aplicar ao seu propio progreso como músico.

b) Composición Introdución

Os coñecementos adquiridos previamente polo alumnado permitirlle desenvolver durante este derradeiro curso determinadas destrezas de escritura, así como afondar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de se iniciar no estudo da composición e de avanzar nunha comprensión das obras musicais que posibilite a súa interpretación adecuada.

O itinerario de composición abrangue un único curso, cuns contidos centrados no estudo do sistema tonal, e deseñouse fundamentalmente para o alumnado que desexe orientarse cara á composición, á dirección, á musicoloxía, á pedagogía, etc., para quen é imprescindible unha sólida formación de escritura previa aos estudos do grao superior, sen que iso exclúa que a poida cursar o alumnado que desexe orientarse á interpretación.

En relación aos contidos de escritura, recóllese a práctica do contrapunto simple ou de especies, ximnasia mental que desenvolve a capacidade para elaborar e superpor liñas melódicas equilibradas e interesantes, e permite abordar a realización de obras máis relacionadas coa realidade musical. En particular, o exercicio desta técnica será de grande utilidade para coñecer con maior profundidade o coral dentro do estilo de J. S. Bach.

O estudo das técnicas do contrapunto imitativo e as súas transformacións temáticas subministrará unha sólida base para abordar, cara ao final do curso, o estudo do canon, obxectivo adecuado por supor un perfecto equilibrio entre o horizontal e o vertical, e polo que entraña de dominio das proporcións formais e das posibilidades de desenvolvemento temático.

Paralelamente á escritura contrapuntística, a creación de pequenas pezas libres a través do emprego de sinxelas combinacións de melodía acompañada e for-

mas musicais a pequena escala representa un novo estímulo que pretende espertar o interese pola composición. Este itinerario pode ser unha base determinante da elección futura da rama creativa no grao superior.

Así mesmo, o coñecemento básico dos instrumentos e das súas posibilidades técnicas e interpretativas permite adquirir unha serie de recursos que posibilitan unha maior aproximación ao estudo integral das obras, e ademais amplía as posibilidades creativas.

Xunto coa escritura e o coñecemento dos instrumentos, a análise constitúe unha parte imprescindible da disciplina, ao ocuparse da habilidade puramente técnica que permite recoñecer e estudar os contidos do curso e deixar outras habilidades de índole especulativa relacionadas co histórico, o estético, o humanístico, o psicolóxico ou o xenuinamente perceptivo, cuxo coñecemento é imprescindible para a comprensión do feito musical como fenómeno cultural e psicolóxico, e que se tratan nas materias de análise e de historia. Ademais, a análise proporciónalle ao alumnado unha serie de ferramentas metodolóxicas que permite avanzar na comprensión das obras musicais, a partir de todos os puntos de vista que poidan ser relevantes para conseguir a devandita finalidade.

Por outra parte, os procedementos diríxense non só á asimilación teórico-práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso cara adiante ao incluír prácticas de identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

En calquera caso, o aspecto cuantitativo do ensino debe ser dosificado de forma tal que permita a práctica da composición libre, pois a súa presenza neste nivel dos estudos é fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

Obxectivos

O ensino do itinerario de composición terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Coñecer os principais elementos e procedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas (contrapunto severo), así como a súa relación cos estilos e coas épocas.

b) Utilizar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre.

c) Compor pequenas obras a partir dun esquema harmónico dado.

d) Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

e) escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.

f) Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de obras ou de exercicios escritos.

g) Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudados.

h) Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.

i) Coñecer os instrumentos, as súas posibilidades e a técnica básica.

Contidos

-Harmonía e contrapunto.

-Contrapunto simple e composto.

-Normas xerais harmónicas e melódicas do contrapunto.

-Contrapunto rigoroso ou severo e contrapunto libre.

-O cantus firmus.

-Estudo do contrapunto simple ou de especies a dúas, a tres e a catro voces.

-O contrapunto imitativo: a imitación directa, por movemento contrario, retrógrada, retrógrada contraria e por aumento e diminución.

-O canon: canon duplo á oitava, canon aberto e pechado, finito e infinito.

-Práctica do contrapunto simple ou de especies a dúas, a tres e a catro voces nas combinacións clásicas.

-Práctica da imitación transformativa, rigorosa e libre, por movemento contrario, retrógrado, retrógrado contrario e por aumento e diminución.

-Práctica do contrapunto libre.

-Práctica do canon a dúas voces á oitava.

-Coñecemento do coral a capella no estilo de J. S. Bach.

-Composición de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados.

-Composición de pequenas obras libres que empreguen textura de melodía acompañada e formas breves.

-Coñecemento dos instrumentos da orquestra, a súa técnica e os seus recursos. Estudo analítico de contidos a partir da análise de obras ou fragmentos.

-Práctica auditiva e instrumental dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización.

Criterios de avaliación

1) Realizar exercicios de contrapunto simple ou de especies a dúas, a tres e a catro voces nas combinacións clásicas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para crear liñas melódicas interesantes e equilibradas, así como a destreza na súa superposición, que permitirá abordar a realiza-

ción de obras en que se presenten, ademais, problemas formais.

2) Realizar imitacións utilizando as técnicas de imitación transformativa: movemento contrario, retrógrado, retrógrado contrario, aumento e diminución. Este criterio pretende avaliar a asimilación por parte do alumnado das técnicas de imitación transformativa e o seu funcionamento, así como a habilidade para obter o máximo partido da súa utilización.

3) Realizar canons por movemento directo a dúas voces á oitava. Este criterio de avaliación trata de valorar a capacidade do alumnado para crear liñas melódicas interesantes cuxo funcionamento canónico sexa equilibrado harmonicamente e contrapuntisticamente, e orixine unha forma global coherente e proporcionada.

4) Analizar corais a capella no estilo de J. S. Bach. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para recoñecer os elementos e os procedementos utilizados nas obras ou nos fragmentos propios deste xénero no estilo de J. S. Bach.

5) Escribir breves pezas a partir dun esquema harmónico dado. Preténdese verificar a capacidade creativa do alumnado no emprego e na combinación dos contidos estudados, así como a súa achega persoal aos traballos realizados.

6) Realizar e compoñer pequenos traballos e obras libres. Con este criterio valórase a capacidade para, a partir das suxestións que esperte no alumnado o contacto analítico e práctico cos procedementos compositivos das distintas épocas, compor pequenas obras libres en que poida desenvolver a súa espontaneidade creativa. Igualmente poderase avaliar a capacidade para extraer consecuencias dos materiais escollidos e resolver os problemas que poida presentar o seu tratamento.

7) Utilizar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas obras. Preténdese comprobar o grao de coñecemento dos instrumentos que posúe o alumnado, así como a idoneidade de elección das posibilidades e dos recursos utilizados.

8) Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é capaz de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas e os procedementos realizados.

9) Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Con este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos de realización ou estilo que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

10) Identificar, mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solu-

cións. Este criterio permite valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións adecuadas.

c) Pedagogía Introdución

O itinerario de pedagogía baséase, por unha parte, no afondamento nos principios da educación musical e, por outra, na iniciación á comprensión e ao estudo do proceso didáctico.

Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión. Preténdese, xa que logo, posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas.

Este achegamento aos elementos do proceso didáctico, neste momento da súa educación musical, pretende ser de axuda para o seu futuro en relación coa música.

Obxectivos

- a) Coñecer as escolas pedagóxicas e os seus recursos pedagóxicos no ensino da música.
- b) Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- c) Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- d) Coñecer os principios do ensino musical nos niveis educativos.
- e) Recoñecer os elementos do proceso didáctico en xeral, e do modelo proposto pola LOE en particular.
- f) Diseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula.
- g) Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.

Contidos

-As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música.

-Principios da educación musical.

-Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical.

-Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, cadernos de actividades, medios audiovisuais, etc.

-Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.

-Técnicas de motivación e estudo.

-Programación e avaliación.

-Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo.

-As programacións de aula e as unidades didácticas.

-Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.

-O profesorado como planificador.

-O currículo das ensinanzas musicais en Galicia.

-Obxectivos, contidos e orientacións metodolóxicas.

-O ensino da música noutros niveis educativos.

-Aproximación á didáctica.

-Correntes actuais na didáctica do ensino da música.

Criterios de avaliación

1) Demostrar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical. Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para elaborar unha pedagogía musical adecuada.

2) Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes. Mediante este criterio valórase a comprensión do alumnado en relación cos sistemas musicais e a súa utilización no ensino da música.

3) Expor temas de música, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento e o desenvolvemento dos recursos e dos materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagogía musical.

4) Analizar e interpretar obras adecuadas de diversas épocas e estilos co seu instrumento principal, facendo referencia ás orientacións metodolóxicas propias dese instrumento. Trátase de constatar o grao de coñecemento e de madureza do alumnado, así como os seus recursos, para explicar os criterios estéticos correspondentes.

5) Demostrar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos elementos básicos e da súa concreción curricular. Este criterio avalía os coñecementos xerais relacionados cos deseños curriculares.

6) Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel do seu instrumento principal. Preténdese comprobar se os elementos que forman unha programación didáctica están basicamente comprendidos.

7) Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas profesionais de música. Con este criterio comprobárase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricu-

lar da LOE, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos pedagóxicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica.

d) Musicoloxía Introdución

O itinerario de musicoloxía pretende ofrecerlle ao alumnado unha serie de aspectos xerais para afirmar os coñecementos básicos da metodoloxía da investigación musicolóxica.

Na actualidade, resulta facilmente perceptible o interese suscitado pola aplicación dos métodos científicos de investigación a todas as disciplinas, das que a música, nas súas facetas artística e humanística, non pode nin debe manterse á marxe. A investigación musicolóxica vén experimentando no noso país e desde as dúas últimas décadas un enorme pulo, que a levou ata diversos ámbitos educativos. Con esta optativa preténdese facilitar a ordenación destes estudos dentro do ensino especializado do grao profesional, ben como antesala dos estudos universitarios de historia e ciencias da música, ou ben dentro da especialidade de musicoloxía, propia dos conservatorios superiores.

A materia organízase en dous grandes bloques: o primeiro aborda as características esenciais da ciencia, tales como a súa historia, a metodoloxía, as escolas, a visión actual, etc. O segundo trata a investigación musicolóxica, introducindo os métodos de investigación, documentación e edición, e considerando a súa funcionalidade en relación co anterior. Malia a división aparente entre eles, estes dous grandes bloques de contidos non deben ser entendidos como independentes, senón que deben aparecer relacionados nas programacións de aula.

Esta materia, pertencente ao itinerario de musicoloxía, resulta de interese para o alumnado que desexe acceder a esta especialidade, igual que para o que pretenda cursar a de instrumentos da música tradicional e popular galega, debido ao tratamento de contidos introdutorios relativos ás materias de carga teórico-práctica propias desta especialidade. Ademais, considerando o seu enfoque analítico e investigador, é apropiada para calquera estudante que considere de interese o estudo da música desde as súas facetas científica e humanística.

Obxectivos

O itinerario de musicoloxía dos estudos profesionais de música terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical desde un punto de vista científico.

b) Introducirse na investigación musicolóxica mediante as técnicas de traballo e o emprego das

ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as súas propias investigacións.

c) Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os medios ao seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos doutra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.), noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

d) Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar as manifestacións musicais do contorno e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, na súa recollida e na súa transmisión.

Contidos

-A musicoloxía: conceptos básicos e metodoloxía.

-Campos de estudo da musicoloxía. Liñas de investigación. Historia da musicoloxía: antecedentes históricos, nacemento da disciplina, escolas e enfoques actuais.

-Métodos de investigación musicolóxica.

-Recursos propios da investigación: procura en bibliotecas, arquivos, etc.

-Formulación de hipóteses e proxectos.

-As fontes: tipos e sistemas de catalogación.

-Organización do traballo: fichas e notas.

-Elaboración de bibliografías.

-Elaboración do traballo: normas de documentación, redacción e organización, catalogación e citas bibliográficas.

-Introdución ás fontes de investigación musicolóxica: organolóxicas, fonográficas, iconográficas e textuais.

-A crítica frontal e a definición dos seus parámetros de interese para a investigación.

-Análise de fontes: iconografía, interpretación e partitura.

-Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico e artístico.

-As novas tecnoloxías e a investigación musical.

-Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións relacionados coa materia.

Criterios de avaliación

1) Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir o pensamento dos principais autores, así como para distinguir as principais características das

músicas tratadas e o tratamento científico das diversas fontes de interese musicolóxico.

2) Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina. Con este criterio medirase a capacidade do alumnado de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas inseparablemente ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía ou aetnografía, seguindo os criterios empregados na musicoloxía desde os seus inicios ata os nosos días.

3) Recoñecer, nas audicións e análises propostas, as características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., situándoas en coordenadas xeográfico-temporais aproximadas, asociando as súas características musicais cos patróns culturais imperantes, e relacionándoas entre si. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar as particularidades propias das fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades. Preténdese, así, avaliar a evolución do pensamento crítico do alumnado, no que se refire á súa capacidade de valoración das diferentes músicas estudadas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

4) Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para detectar a presenza da música na sociedade, estendendo a súa consideración sobre a música considerada culta mesmo a outras formas de expresión musical non presentes nos ámbitos académicos.

5) Recoñecer as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, en épocas, estilos ou autores máis representativos, pasados ou presentes. Este criterio avalía ata que punto o alumnado é capaz de analizar a complexidade de circunstancias e intereses (políticos, culturais, sociais, económicos, ideolóxicos...) que, pola súa importancia, determinan un determinado desenvolvemento, ou situación, musical.

6) Reflexionar sobre o desenvolvemento evidente e acelerado nos consumos de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo. Este criterio avalía a capacidade do alumno para recoñecerse como ser musical no contorno en que vive, medindo as paisaxes sonoras ao seu alcance e os medios de produción e consumo de música.

7) Recoñecer o papel desempeñado pola música galega, tanto ao longo da historia da música coma noutros ámbitos, establecendo relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma sinxela. Este criterio mide a capacidade

de do alumnado á hora de recoñecer e pormenorizar as obras estudadas, así como para relacionar os aspectos propios da cultura galega, máis aló dos exclusivamente musicais, empregando aqueles coñecementos adquiridos nos estudos de réxime xeral que lle sexan precisos xunto cos xa interiorizados ao longo da súa traxectoria musical, con vistas a obter unha visión conxunta da relación entre a música e a sociedade no seu ámbito máis próximo.

8) Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que o motive a interesarse en descubrir e coñecer as metodoloxías habituais na disciplina, así como as súas técnicas (presentación do material documental en traballos científicos, manexo da documentación, arquivos, elaboración de citas...), considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia ou a oportunidade da temática.

LINGUAXE MUSICAL

Introdución

A adquisición dunha linguaxe é un proceso continuo. Unha vez acadados os obxectivos básicos de escoitar, falar, ler e escribir encontrámonos xa en situación idónea de ir enriquecendo esa linguaxe primaria.

A práctica instrumental que o alumnado realiza neste nivel e a súa actividade de conxunto estano xa poñendo en contacto cunha literatura musical rica, ampla e complexa. A linguaxe musical debe desvelarlle todos os conceptos e facilitarlle a tarefa de realizar, analizar, comprender e aprender canto as obras significan.

O repertorio de obras esténdese ao longo de diferentes épocas e estilos. Os seus materiais de traballo na área da linguaxe deben recoller tamén esta panorámica extensa, non limitando o traballo a exercicios híbridos en canto a estilos, formas e contidos.

A aprendizaxe da harmonía perfílase xa como un horizonte próximo no currículo do alumno e da alumna. Só se achegan unhas sensacións claras e unhas prácticas básicas poderán desenvolver a técnica harmónica sobre uns fundamentos sólidos.

O mundo da composición musical evolucionou cunha sorprendente rapidez desde a primeira vintena deste século. Os elementos rítmicos gañan en protagonismo e as unidades métricas que os conteñen e representan se superpóñense, mestúranse, sucédense nunha constante variación, aparecen novas fórmulas rítmico-métricas, fanse atípicas as ordenacións rítmicas dos compases que poderíamos chamar usuais ou convencionais ou decididamente desaparecen arrasando tras de si a liña divisoria periódica para deixar

paso a unha nova articulación ou acentuación, sen unidade única referencial de pulso.

Todo un mundo, apaixonante pola súa forza cinética, que na medida adaptada ás ensinanzas profesionais debe ser un importante contido dela.

Se o mundo tonal nas súas formulacións básicas constitúe a función primordial da linguaxe musical, non é menos certa a necesidade dunha parte e a obriga doutra de abordar o traballo da linguaxe postonal e atonal, fornecendo o alumnado de cantas ferramentas, técnicas e códigos lle permitan un mellor achegamento e unha maior e mellor comprensión das novas literaturas musicais.

Por outra banda, o coñecemento da linguaxe musical proporciona a comprensión dos elementos e regras que o forman, fornecendo así o alumnado da capacidade de expresarse musicalmente, a través da improvisación, a interpretación ou a creación de pequenas obras. Deste xeito complétase o proceso de adquisición dunha linguaxe. Iso fai que esta ferramenta ao servizo da comunicación, indisolublemente unida ao pensamento, á creación e á expresión do feito musical concreto, estea obrigada a abordar, para ser unha verdadeira ferramenta de comunicación, as linguaxes de cantas músicas sexan demandadas pola sociedade.

O oído, o grande instrumento que o músico nunca pode deixar de traballar, debe ser agora receptor e captador de mensaxes varias, ás veces para a súa comprensión e apreciación, ás veces para a súa posterior escritura.

Este labor non será nunca posible se non se potencia a memoria musical. A música é arte que se desenvolve no tempo e os sons teñen unha presenza efémera. Só a memoria pode axudar a entender retendo, asociando, comparando, establecendo referencias.

Ao lograr unha corrección formal na escritura permitiralles ao alumno e á alumna comunicar as súas ideas ou reproducir as alleas nunha forma intelixible.

Coñecer e recibir quedaría sen sentido se todos os elementos coñecidos non pasan a ser unha capacidade de expresión, o que fai necesario fomentar a improvisación ou a elaboración dos pensamentos musicais do alumnado facendo completo o proceso de recibir e transmitir ineludible na adquisición dunha linguaxe.

Todo este catálogo de accións debe dirixirse a potenciar unhas actitudes de desenvolvemento orgánico nas facultades creativas e analíticas do alumnado, así como a unha procura de rigor no estudo, de respecto e valoración da obra artística e os seus creadores, e a unha capacidade de colaboración e participación en actividades de grupo, baseada tanto na consideración cara a todo o seu contorno físico e humano como no respecto e valoración de si mesmos.

Obxectivos

As ensinanzas de linguaxe musical dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Compartir vivencias musicais cos demais elementos do grupo que lle permita enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto e da participación instrumental en grupo.

b) Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e a súa circunstancia.

c) Interpretar correctamente os símbolos gráficos e coñecer os que son propios da linguaxe musical contemporánea.

d) Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.

e) Recoñecer e representar graficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.

f) Recoñecer, a través da audición e da lectura, estruturas harmónicas básicas.

g) Utilizar os coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar e desenvolver hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.

h) Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao *jazz* e á música moderna.

Contidos

Rítmicos.

-Práctica, identificación e coñecemento de compases orixinados por dous ou máis pulsos desiguais.

-Coñecemento e práctica de metros irregulares con estruturas fixas ou variables.

-Polirritmias e polimetrías.

-Recoñecemento e práctica de grupos de valoración especial con duracións e posicións métricas varias.

-Práctica de ritmos simultáneos que supoñen divisións distintas da unidade.

-Práctica de estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais.

-Ritmos *aksak*, *coxos* ou de valor engadido.

-Práctica de música sen compasar.

-Recoñecemento e práctica de ritmos que caracterizan a música de *jazz*, *pop*, etc.

-Práctica de cambios de compás con unidades iguais ou diferentes e aplicación das equivalencias indicadas.

-Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos rítmicos.

-Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.

Melódico-harmónicos.

-Práctica auditiva e vocal de estruturas tonais enriquecidas na súa linguaxe por flexións ou modulacións, con recoñecemento analítico do proceso.

-Práctica auditiva e vocal de obras modais nas súas diversas manifestacións históricas e folclóricas.

-Práctica de interválica pura (non tonal) e aplicación a obras postonais ou atonais.

-Recoñecemento auditivo e análise de estruturas tonais e formais non complexas.

-Improvisación sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.

-Aplicación vocal ou escrita de baixos harmónicos a obras propostas de dificultade adaptada ao nivel.

-Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos melódico-harmónicos.

Lecto-escritura.

-Práctica de lectura horizontal de notas cos ritmos escritos e indicacións metronómicas diversas.

-Lecturas de agrupacións verticais de notas.

-Coñecemento e práctica das normas de escritura melódica e harmónica.

-Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.

-Práctica de identificación e escritura de notas no seu rexistro correcto.

-Coñecemento do ámbito sonoro das claves.

-Iniciación ás grafías contemporáneas.

-Práctica da lectura a primeira vista.

Audición.

-Práctica de identificación de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadencias, formais, tímbricos e estilísticos nas obras escoitadas.

-Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

-Práctica da memoria: memorización previa á escritura de frases ou fragmentos progresivamente máis amplos.

-Escritura de temas coñecidos e memorización en diferentes alturas, tonalidades.

-Realización escrita de ditados a unha e dúas voces.

-Identificación de acordes.

-Audición de obras ou fragmentos nos cales se recoñezan elementos estudados.

Expresión e ornamentación.

-Coñecemento e aplicación de signos e termos relativos a dinámica e agónica.

-Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.

-Coñecemento dos signos característicos na estrutura dos instrumentos.

-Coñecemento e aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada

Criterios de avaliación

1) Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta, ben individual ou en conxunto.

2) Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas, a aplicación correcta, de ser o caso, de calquera equivalencia se produce cambio de compás e a interiorización aproximada de diversas velocidades metronómicas.

3) Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo. Este criterio de avaliación ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e a xusteza de afinación a un fragmento melódico tonal con alteracións accidentais que poden ou non provocar unha modulación, facéndose consciente das características tonais ou modais do fragmento. Se é acompañado instrumentalmente, este acompañamento non debe reproducir a melodía.

4) Ler internamente, nun tempo breve e sen verificar a súa entoación, un texto musical e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para imaxinar, reproducir e memorizar imaxes sonoras de carácter melódico a partir da observación da partitura.

5) Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado como elemento de aplicación a estruturas tonais ou non tonais.

6) Entoar unha obra atonal con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo. Trátase de avaliar a aplicación artística a unha obra atonal dos coñecementos melódicos e rítmicos adquiridos. O acompañamento, de ser o caso, non reproducirá a melodía.

7) Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto. Búscase coñecer a capacidade do alumnado para a percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións interválicas, así como a identificación das rexións sonoras en que se producen.

8) Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un feito melódico a partir de diferentes sons, facéndose consciente

das alteracións necesarias para a súa exacta reprodución.

9) Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Este criterio pretende comprobar o entendemento por parte do alumnado dos conceptos tonais básicos ao facer uso libre dos elementos dunha tonalidade con lóxica tonal e estrutural.

10) Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados. Con este criterio avalíase a destreza do alumnado para a utilización correcta da gráfica musical e a súa capacidade de relacionar o feito musical coa súa representación gráfica.

11) Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces. Preténdese comprobar a percepción e identificación por parte do alumnado de aspectos musicais polifónicos.

12) Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano. Con este criterio preténdese comprobar que a capacidade auditiva do alumnado non sofre distorsión cando recibe a mensaxe a través dun vehículo sonoro diferente ao piano.

13) Recoñecer auditivamente aspectos cadenciais e formais dun fragmento musical. Por medio deste criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para percibir aspectos sintácticos e estruturais da obra escoitada e denomíalos correctamente.

14) Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais. Preténdese constatar a familiarización do alumnado cos timbres provenientes doutros instrumentos diferentes do que constitúe a súa especialidade.

15) Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento. Trátase neste caso de comprobar a capacidade de observación do alumnado de aspectos directamente relacionados coa interpretación e expresión musicais.

16) Improvisar vocal ou instrumentalmente sobre un esquema harmónico dado. Este criterio de avaliación vai ordenado a comprobar, dentro do nivel adecuado, a comprensión por parte do alumnado da relación entre harmonía e voces melódicas.

17) Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado. Este criterio trata de avaliar o coñecemento das obras de repertorio e a capacidade de memorización.

18) Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Búscase aquí avaliar a capacidade de iniciativa implicando, ademais, o recoñecemento rápido de aspectos rítmicos e expresivos da obra en cuestión.

19) Aplicar baixos harmónicos sinxelos, vocal ou graficamente, a unha obra breve previamente escoitada. Este criterio pretende buscar a asociación melo-

día-harmonía imaxinando esta desde a melodía escoitada.

20) Situar coa maior aproximación posible a época, o estilo e, de ser o caso, o autor ou a autora dunha obra escoitada. Trátase dunha proposta para fomentar a curiosidade e a atención do alumnado ao escoitar música, facéndose consciente dos caracteres xerais que identifican estilos e autores.

21) Analizar unha obra do seu repertorio instrumental, como situación histórica, autor e características musicais dela: harmónicas, formais, tímbricas, etc. Intenta este criterio potenciar os hábitos do estudo intelixente e rigoroso, facéndose consciente das circunstancias técnicas e sociais que rodean a obra artística.

MÚSICA DE CÁMARA

Introdución

A práctica da música de cámara durante o período de estudos correspondente ás ensinanzas profesionais de música responde a un conxunto de necesidades do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade.

A actividade camerística supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais cuxo aprendizaxe a través dos estudos instrumentais e teóricos posúe forzosamente un carácter analítico que debe ser obxecto dunha síntese ulterior a través da práctica interpretativa.

A práctica da música de cámara cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio camerístico constitúe o medio idóneo para que o alumno e a alumna desenvolvan o sentido da afinación, desenvolvemento que non pode deixar de ser intuitivo e mimético, que se resiste a ser ensinado ou transmitido por métodos racionais e que require unha longa praxe musical, preferentemente en conxunto.

Unha das características fundamentais da práctica camerística é a ausencia de director ou directora. Iso obriga a desenvolver as competencias necesarias de comunicación visual e xestual entre os membros do grupo, aprender a valorar a importancia da respiración conxunta, establecer criterios comúns de interpretación e, en definitiva, favorecer o desenvolvemento dunha nova dimensión da interpretación baseada na codirección.

Así mesmo, o exercicio da música de cámara estimula a capacidade -imprescindible para todo músico- para escoitar os outros instrumentos mentres se toca o propio e para desenvolver o sentido de «sonoridade do conxunto».

A interacción entre diversos instrumentistas, ou entre a voz e o piano no caso da especialidade de canto, colabora igualmente ao desenvolvemento da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato: en canto á «dinámica», por exixir unha sensibiliza-

ción con respecto á audición de planos sonoros e á percepción da función desempeñada en cada momento por cada un dos instrumentos (solística, acompañante, contrapuntística, harmónica, etc.); en canto ao «fraseo», porque colabora a desenvolver o sentido do diálogo e a mímese musical; en canto «ritmo», porque a música de conxunto exige por si mesma unha precisión e compenetración rítmica que faga posible a simultaneidade e o axuste entre os diversos instrumentos, á vez que propicia o desenvolvemento da comunicación a través do xesto, e de calquera outra forma non verbal, entre os instrumentistas (entradas, definición do tempo, rubato e outras modificacións do tempo, cortes finais, respiracións, etc.); en canto ao «vibrato», no sentido de que a práctica camerística obriga a homoxeneizar e simultaneizar o período, velocidade e amplitude dos diversos vibratos.

A música de cámara obriga os músicos que a practican a desenvolver determinados hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos, tales como a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco nos instrumentos de corda ou das respiracións nos de vento, etc., á vez que permite o contraste do instrumento propio con outros de diferente natureza.

Desde un punto de vista musical, a práctica camerística é imprescindible para a maduración dun músico no terreo da expresividade e a emotividade, posto que supón un campo idóneo para que a capacidade afectiva do futuro músico xurda na súa interpretación, feito que debe ser propiciado canto antes.

Pola súa vez, o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta sumamente formativa e estimulante para un instrumentista en período de formación, colabora ao desenvolvemento da capacidade analítica e fomenta a que a interpretación responda a unha idea musical e transcenda o nivel de mera lectura.

Asemade, a práctica e o coñecemento do repertorio de cámara supón un paso decisivo no coñecemento do repertorio do instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.

En suma, o cultivo da música de cámara resulta absolutamente complementaria da formación instrumental, permitindo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento, dentro dunha actividade que, por mor do seu carácter lúdico, permite a práctica musical en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

Obxectivos

As ensinanzas de música de cámara dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.

b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.

c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.

d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

Contidos

-A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.

-Agóxica e dinámica.

-Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.

-Equilibrio sonoro e de planos.

-Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.

-Conxunto de instrumentos monódicos.

-Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.

-Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etcétera. Respiración, afinación e vibrato.

-Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.

-Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.

-Voz e piano: acompañamento ao canto.

-Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.

-Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.

-Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Criterios de avaliación

1) Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.

2) Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte. Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.

4) Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.

Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas.

Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

5) Interpretación pública dunha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea. Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e grafiás, así como o equilibrio sonoro dentro dun conxunto de instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á MÚSICA

Introdución

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións tanto nos nosos actos cotiáns domésticos coma no ámbito laboral. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en gran medida, polo menos a nivel de usuario.

A música é precisamente un contorno en que a tecnoloxía ten unha presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en si mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

No ámbito profesional o músico dependerá de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitirán gravar a súa música, escoitala nun reprodutor portátil, manipulala nun ordenador, facer a súa propia distribución nun soporte que el elixa, etc. Os estudos de gravación profesionais convértense así nun centro de importancia onde o músico intérprete ou compositor desenvolverá gran parte do seu labor profesional.

Xa que logo, resulta xustificadísimo que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía o contexto habitual do músico que se queira realizar como tal. Polo tanto, os puntos importantes desta materia organízanse en tres piares formativos; por un lado, o que fai referencia ao ordenador, o seu hardware e o seu software -sobre todo o

que ten que ver coa edición musical-, por outro lado o contorno de estudo de gravación profesional -desde un punto de vista básico-; e por último o coñecemento básico e tamén fundamental dos principios acústicos que rexen nos instrumentos e na propia execución tecnolóxica.

Esta materia posibilitará un maior afondamento no proceso tecnolóxico vinculado á música e tamén achegará ferramentas de gran produtividade ao alumnado que poderá usar e ampliar ao longo da súa formación musical.

Obxectivos

a) Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.

b) Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.

c) Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.

d) Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.

e) Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.

f) Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio analóxico e dixital.

g) Entender os conceptos básicos da acústica e as súas aplicacións en diferentes contornos, tanto nos instrumentos como na informática musical.

h) Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.

Contidos

-O ordenador. Os seus principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.

-Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparellos musicais en xeral.

-O midi e o audio dixital.

-O MP3 e outros formatos de compresión.

-Editores de partituras. Editores de audio dixital.

-Secuenciadores e outras ferramentas integrais.

-Os estudos de gravación. Dispositivos de gravación. Dispositivos de reprodución.

-Introdución á acústica xeral.

-Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

Cráterios de avaliación

1) Realizar exercicios de transcrición nalgún editor de partituras. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.

2) Realizar exercicios de edición a nivel básico cun editor de audio dixital. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.

3) Identificar as partes xerais do interior dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer e xerarquizar os compoñentes internos básicos dun ordenador.

4) Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar a un ordenador.

5) Describir o funcionamento dos principais aparellos que integran un estudio musical profesional. Con este criterio de avaliación tratarase de comprobar o coñecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos dun estudio de gravación profesional.

ORQUESTRA/BANDA

Introdución

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten forzosamente un marcado carácter individual. Por iso o currículo debe albergar materias que transcendan este compoñente unipersonal da práctica musical e introduzan elementos colectivos. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas instrumentais *stricto sensu*; a súa principal misión debe ser ofrecer á sociedade os músicos que esta necesita para poder canalizar aquelas actividades que demanda a comunidade. Neste sentido, a partir do S. XIX a orquestra converteuse, polo seu extenso repertorio e polo seu vasto potencial comunicador, no vehículo de expresión musical por antonomasia. O elevado número de instrumentistas que a integra provoca, en consecuencia, que unha porcentaxe moi alta dos estudantes daqueles instrumentos susceptibles de entrar a formar parte da orquestra (corda, vento e percusión, fundamentalmente) teñan nesta o seu destino profesional máis frecuente e, a miúdo, único.

A práctica indistinta de orquestra ou banda, ou, de ser o caso, o conxunto que corresponda, ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado. Procúrase así unha organización máis flexible do ensino ao mesmo tempo

que se permite que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco oportuno para a práctica instrumental colectiva. Así pois, a participación nas agrupacións xa sexan instrumentais ou corais supón e garante a presenza activa dos alumnos e das alumnas nunha das actividades que impliquen maior proxección do centro na sociedade.

A práctica, tanto da orquestra como da banda, constitúe unha materia necesaria para a formación musical e a súa lóxica consecuencia debe ser a inclusión no currículo das ensinanzas profesionais de música de dúas materias, orquestra e banda, e a súa presenza vén xustificada nun dobre sentido. Por unha banda, porque lles ofrecerá aos instrumentistas a experiencia e os coñecementos necesarios relativos ao funcionamento, as regras e a convivencia características da interpretación destas agrupacións. Por outro, porque actuará positivamente sobre todos aqueles instrumentos cuxo nivel os capacite especialmente para tocaren nunha agrupación. Evitará, en suma, que consideren a vida profesional destes músicos como unha opción de segunda fila, acrecentará a súa decantación cara ao inicio dunha determinada opción profesional e facilitará o seu ingreso e a súa adaptación psicolóxica nun corpo social reducido, pero cunhas regras moi definidas e non sempre cómodas ou doadas de cumprir.

Do mesmo xeito que a música de cámara -unha materia que persegue obxectivos dunha natureza similar-, a orquestra, a banda ou o conxunto servirán para sacar o alumnado dun repertorio case sempre caracterizado polas súas dificultades técnicas e pola desigualdade con respecto ao instrumento encargado de acompañalo (a miúdo o piano) e introducillo nun mundo novo, máis igualitario e de natureza máis rica e variada. Así, os xéneros musicais deixarán de ser soamente a sonata, o concerto ou as pezas de virtuosismo, co cal o alumno e a alumna se poderán internar noutras como a sinfonía, o oratorio, o poema sinfónico ou mesmo a ópera. No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con partituras de moi desigual valía musical, estas agrupacións supoñen a posibilidade de internarse nas composicións máis relevantes da historia da música occidental en igualdade de condicións con respecto a instrumentos máis «hexemónicos» (violín, frauta ou trompa, por exemplo), con todo o que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumnado. A convivencia con instrumentos de natureza e técnicas moi diversas, en fin, proporcionaralles tamén ao alumno e á alumna unha visión moito máis ampla do feito musical e enriquecerá o seu coñecemento dos timbres (tanto individual como colectivamente considerados) e das diversas peculiaridades organolóxicas.

As dificultades técnicas ou o mero lucimento do solista darán paso a un repertorio que alberga moitas das mellores páxinas da música occidental e a unha complexa trama de relacións instrumentais nas cales o alumnado se sentirá protagonista destacado. O feito de que sexan varios os instrumentistas encargados de

tocar unha soa voz ou parte non ten por que diluír un ápice este protagonismo, que polo feito de ser colectivo non debe implicar unha diminución do perfil desempeñado por cada un dos integrantes da agrupación. Esta é unha suma de individualidades axuntadas pola mente reitora do director ou directora, que deberá saber extraer o mellor daquelas, que en ningún caso deben aspirar a perderse no anonimato, como tampouco sobresaír por encima dos seus compañeiros. A unidade de criterio e a igualdade da execución deberán ser, por iso, as principais metas que se pretendan alcanzar.

A orquestra, a banda e os conxuntos que se formen deben fomentar tamén as relacións humanas entre os alumnos e as alumnas, afeitos case sempre a unha práctica individualista e solitaria dos seus instrumentos. Deben incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersoal para conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc.

O respecto a todas as indicacións do director ou da directora fomentará unha actitude de disciplina e provocará a necesidade de memorizar estas para que o traballo realizado ao longo dos ensaios dea os seus froitos no concerto. Neste, o alumno ou a alumna poderá experimentar unha sensación moi diferente, xa que serán conscientes de que na práctica de grupo a responsabilidade é compartida. Todo iso redundará, ao final, na introdución desa compoñente de pluralidade que o alumnado deben sentir como un elemento básico da súa formación ao entrar nas ensinanzas profesionais, no que, parafraseando a Goethe, os coñecementos adquiridos deben permitirlle converter a práctica instrumental no seo das agrupacións en «unha conversación entre moitas persoas razoables».

Obxectivos

As ensinanzas de orquestra e banda dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director ou da directora e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- c) Dominar o propio instrumento de acordo coas exixencias de cada obra.

Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

d) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.

e) Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación de acordo co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou da directora.

f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

h) Respetar as normas que exige toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento delas.

i) Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

Contidos

-Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe.

-A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.

-Reacción e comprensión ante as diferentes anacruses do director ou da directora.

-Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.

-Desenvolvemento da igualdade en ataques (instrumentos de vento e percusión).

-Desenvolvemento da igualdade nos golpes de arco.

-Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.

-Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.

-Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.

-Traballo por seccións.

-Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación. Valoración do silencio como marco da interpretación.

Criterios de avaliación

1) Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso. Mediante este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ata-

ques e entradas de acordo coa anacruse do director ou da directora.

2) Reproducir calquera das obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela. Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.

3) Repentizar unha obra de pequena dificultade. Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou a directora, a precisión para reaccionar ante as súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación na lectura a vista.

4) Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.

5) Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas. Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director ou a directora.

PIANO COMPLEMENTARIO

Introdución

A música que nos últimos séculos xurdiu como produto da nosa cultura occidental é esencialmente polifónica (entendendo por polifonía en sentido amplo, non só a escritura estritamente contrapuntística, vocal e/ou instrumental, actual ou de pasadas épocas, senón tamén a música de estilo harmónico que se configura ao longo do século XVIII, que culmina no século XIX e que continuou a súa evolución ata os nosos días dando lugar a novos aspectos ou novas formas do pensamento polifónico). Para calquera músico que non teña como primeiro obxectivo facer unha carreira de intérprete instrumental (para un compositor, un director de orquestra ou de coro, un musicólogo, un cantante, un profesor de teoría ou de instrumento, etc.), a práctica dun instrumento polifónico é un auxiliar valiosísimo, unha ferramenta de traballo de indubidable eficacia, xa que lle ofrecerá a posibilidade de penetrar no tecido dunha partitura polifónica máis ou menos complexa aprehéndendoa globalmente nas súas dimensións vertical e horizontal e converténdoa de inmediato en realidade sonora.

Tamén para os intérpretes que cultiven instrumentos monódicos como os de vento (lingüetas, embocaduras, etc), ou dunha capacidade polifónica limitada como os de arco, a aprendizaxe paralela dun instrumento polifónico resulta ser un medio auxiliar de inestimable utilidade para o mellor coñecemento do repertorio específico do seu propio instrumento, necesitado case sempre na práctica do apoio ou a colabo-

ración máis ou menos estreita dun instrumento polifónico.

Tamén a guitarra, instrumento cunhas posibilidades polifónicas sensiblemente limitadas polo feito de que a man esquerda se vexa reducida á función de fixar a entoación das notas, quedando así privada practicamente de toda outra capacidade de realización, pódese beneficiar deste traballo simultáneo nun instrumento que lle permita o acceso a uns horizontes polifónicos de maior amplitude.

Por último, e iso afecta a xeneralidade dos estudantes de música, o desenvolvemento da audición interna verase favorecido e reforzado mediante a comprobación inmediata no instrumento polifónico de como soa en realidade o que imaxinamos na nosa mente a partir da escritura.

Os instrumentos de gran capacidade polifónica son, por definición, os de teclado: órgano, clavecín e piano, principalmente. Descartando, por razóns obvias, os dous primeiros, o piano aparece como o instrumento idóneo para cubrir esta función complementaria; as razóns que fan del un auxiliar ideal son numerosas. En primeiro lugar está a súa xa indicada capacidade polifónica, que comparte, como se ten dito, cos outros instrumentos de teclado. Hai que sinalar, non obstante, que a presenza de máis dun teclado e de varios rexistros no órgano e o clavecín, ben que supón unha variedade tímbrica que o piano non posúe, constitúe máis ben unha complicación que unha vantaxe para os fins que aquí se perseguen; en contra do órgano xoga tamén a súa escasa dispoñibilidade, e en canto ao clavecín, ademais doutras limitacións, a súa difusión é moito menor que a do piano. En segundo lugar, o piano é un instrumento que ofrece unha aprendizaxe relativamente fácil nos inicios, xa que non padece, a ese nivel, as limitacións ou as desvantaxes que presentan os instrumentos de corda ou vento (afinación, embocadura, respiración, obtención dun son de entoación e calidade razoablemente aceptable, etc.). En canto á amplitude do rexistro, o piano é, para efectos prácticos, equiparable á orquestra sinfónica, e case outro tanto cabe dicir no que se refire á súa riqueza dinámica. Rapidez na emisión do son e axilidade sen máis límite que os que impoña a propia habilidade do executante, son outras calidades valiosas do piano. Por último, fala no seu favor a inmensa difusión no mundo musical de hoxe en día.

Ata o momento actual, o piano estivo presente como materia obrigatoria en certas carreiras musicais, para as cales se exixía, polo menos, o grao elemental do devandito instrumento. Nestes casos, o nivel de exigencia en canto á capacidade técnico-interpretativa foi sempre o mesmo para pianistas e para non-pianistas, e en nada se diferenciaba a metodoloxía a seguir nuns e noutros casos. Por outra parte, esa obrigatoriedade do piano non consideraba a posible necesidade de que del puidesen ter noutros instrumentistas, senón que se refería soamente a compositores, directores, musicólogos, cantantes, etc.

O ensino do piano complementario non se orientará tanto cara ao desenvolvemento dunha gran capacidade técnica como a potenciar outros aspectos, xa sinalados antes, tales como percepción global da polifonía, audición interna, habilidade na lectura a primeira vista (incluída unha posible simplificación rápida do escrito, na partitura, etc). Por suposto, convén ter moi en conta que a capacidade de realización ao teclado estará sempre condicionada polo grao de dominio alcanzado na técnica do instrumento, pero é evidente que, neste sentido, os niveis que se fixen teñen que estar por debaixo dos que se lle exixen normalmente ao pianista se non se quere interferir gravosamente no que para cada estudante supoña a finalidade principal do seu traballo. Desta maneira poderá cumprir o piano unha desexable e conveniente función complementaria na educación de todo profesional da música.

Obxectivos

O ensino do piano complementario no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- b) Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose á dificultade dun certo nivel.
- c) Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura á primeira vista.
- d) Ler con fluidez partituras polifónicas, con plena comprensión das súas formulacións harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.

Contidos

-Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo.

-Planificación do traballo da técnica tendo en conta a unidade profunda dos factores que a determinan.

-Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos e desenvolvemento da técnica braquial, caída e lanzamentos de antebrazo e brazo, movementos de rotación e circulares da man e pulso, desprazamentos laterais, etc).

-Principios de dicitación pianística.

-Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataques posibles, en función sempre da dinámica, o fraseo e o sentido musical xeral do fragmento de que se trate.

-Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.

-Coñecemento dos pedais e das súas funcións.

-Práctica intensiva da lectura a primeira vista.

-Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa

variedade de presentacións posibles, tales como fórmulas do tipo baixo de Alberti, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, arpexados, etc.) e lectura contrapuntística, estrictamente lineal, a dúas e incluso a tres voces.

-Estudos de obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, prestando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa de maneira especial á capacidade de aprender e de realizar de forma inmediata no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

Criterios de avaliación

1) Ler textos a primeira vista. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.

2) Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía de traballo que lle permita unha certa valoración do seu rendemento.

3) Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

4) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado de adaptarse musical e sonoramente aos seus compañeiros para realizar un traballo común.

5) Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música, e determinar os diferentes tratamentos a que foi sometida polo compositor ou compositora para a realización da obra.

6) Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico. Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.

7) Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc). Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade de síntese do alumnado e a súa rapidez

na realización de pasaxes harmónicas simples, pero de execución relativamente complicada.

8) Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou no acompañamento a un solista. Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas ou no acompañamento a un solista vocal e instrumental.

REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Introdución

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo. Ambos os aspectos, o funcional e o formativo, son indisolubles e complementarios.

Xa que logo, nos contidos básicos desta disciplina débeseles conceder un lugar prioritario aos procedementos ou modos de saber facer que, aínda que resultan de natureza diversa, se articulan ao redor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ao longo dos anos iniciais da educación instrumental e que a repentización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

* Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

* Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que

lle permitan ao instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ao propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e ao estilo a que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso, a repentización está estreitamente relacionada coa análise, o que, á vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.

* Destreza na transposición como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista - fundamentalmente na música vocal-, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ao cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.

* Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por exixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

Os contidos da repentización e acompañamento no grao profesional foron establecidos non só polo seu valor de preparación para coñecementos que se poidan adquirir en cursos posteriores dentro dunha elección propia de especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, mantéñense dentro do marco de coñecementos considerados indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

Obxectivos

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.

b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.

c) Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.

d) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión,

etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura á primeira vista.

e) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.

f) Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.

g) Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

h) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

Contidos

Improvisación.

-Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade.

-Estruturas harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas.

-Estruturas rítmicas básicas: descrición da estrutura rítmica e realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista.

-Análise de frases-modelo de diferentes tipos.

-Subdivisión interna da frase.

-Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.

Repentización.

-A lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.

-Introdución á lectura harmónica.

-Análise harmónico-formal, melódico-rítmica aplicada á repentización.

-Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.

-Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.

-Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.

-Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas.

-Repentización con carácter de acompañante ou non.

-Práctica do piano a catro mans.

Transposición.

-O transporte na música actual.

-O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

-Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.

-Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade.

-Os instrumentos transpositores.

-Lectura e transporte harmónico de partituras.

-Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.

Baixo cifrado.

-Aproximación ao cifrado harmónico.

-Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades e sétimas na harmonía tonal.

-Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.

-Introdución ao cifrado americano.

-Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música lixeira.

-Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

Criterios de avaliación

1) Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.-Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que esta foi sometida polo compositor para a realización da obra.

2) Realización práctica de estruturas de catro ou oito compases, semicadencial ou de cadencia perfecta.-Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental esquemas harmónicos cadenciais de duración breve empregando acordes en estado fundamental e partindo, como modelo de traballo, da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, nos cales os devanditos esquemas eran paradigmáticos.

3) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando inversións dos acordes básicos.-Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental, a partir da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, esquemas harmónicos en que se poida apreciar a súa progresiva asimilación das posibilidades expresivas das distintas inversións dos acordes empregados.

4) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, empregando inversións dos acordes básicos, utilizando diferentes formulacións rítmicas.-A finalidade deste criterio é avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos cales se empreguen inversións dos acordes básicos, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

5) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos.-Con este criterio preténdese avaliar a capacidade

de do alumnado para enriquecer a realización dos diferentes esquemas harmónicos por medio da introdución de apoios e retardos, dado o seu alto contido harmónico.

6) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos, utilizando diferentes formulacións rítmicas.-Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos cales se introduzan apoios e retardos que modifiquen, enriquecéndoa, a estrutura básica, dado o seu alto significado harmónico, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

7) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso.-Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade do alumnado para realizar estruturas harmónicas evolucionadas, por medio da introdución de dominantes secundarias ou de paso que enriquezan e amplíen o seu campo tonal.

8) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso, e utilizando diferentes formulacións rítmicas.-Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos dunha proposta tonal enriquecida mediante a introdución de dominantes secundarias ou de paso, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

9) Superposición, a unha estrutura harmónica de catro ou oito compases, dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta-resposta.-Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para crear, a partir de esquemas harmónicos dados, diferentes estruturas melódicas consecuentes a estes, así como a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que se poidan organizar en forma de pregunta-resposta.

10) Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de oito compases sen que se inclúan inversións de acordes.-Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado do dominio por igual de todas as tonalidades, non tanto por medio da complexidade resultante dun transporte nota-a-nota, coa conseguinte lectura en diferentes claves e armaduras, como da transposición a distintos intervalos de diferentes estruturas harmónicas, idénticas en todas elas.

11) Realización no instrumento dunha estrutura harmónica de oito compases, previamente escrita, nunha tonalidade concreta.-Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para interpretar unha estrutura harmónica previamente composta e escrita por el mesmo, así como avaliar o grao de adquisición dunha técnica básica, tanto escrita como práctica.

12) Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para teclado.-Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.

13) Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos como música de cámara ou acompañante. Práctica do piano a catro mans.-Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas.

14) Realización, cun ritmo básico, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na cal só aparezan a melodía e o cifrado americano.-Mediante este criterio de avaliación trátase de avaliar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para dar forma instrumental a través da descodificación do cifrado da súa harmonización, segundo sistema americano, así como o coñecemento deste e a soltura no seu manexo.

15) Realización, cun ritmo básico e incluíndo a melodía, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na cal só aparezan a melodía e o cifrado americano.-Mediante este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado non só na elaboración dun acompañamento a partir da descodificación dun cifrado de tipo americano, senón tamén de executar a melodía de forma simultánea.

16) Lectura de corais a catro claves.-Mediante este criterio de avaliación trátase de valorar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para ler en varias claves simultaneamente, práctica propedéutica para a lectura de cuartetos e outras formacións camerísticas así como de partituras orquestrais.

17) Lectura de cuartetos de corda, especialmente, e doutras formacións de música de cámara. -Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a destreza do alumno para ler partituras camerísticas adaptándoas ás peculiaridades e características propias do piano.

18) Iniciación na lectura de partituras orquestrais.-Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a capacidade do alumno e alumna para leren fragmentos de partituras sinxelas de orquestra nas cales interveña un ou varios instrumentos transpositores, adaptándoas ás peculiaridades e características propias do instrumento.

INSTRUMENTOS Introdución

A música é unha arte que en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dun mediador entre o creador e o público a, que vai destinado o produto artístico: este mediador é o intérprete.

Correspóndelle ao intérprete, nas súas múltiples facetas de instrumentista, cantante, director ou directora, etc., ese traballo de mediación, comezando a problemática do seu labor polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos, recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece -e padecerá sempre- de irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes. O feito interpretativo é, por definición, diverso. E non só pola radical incapacidade da grafa para apresar de maneira total unha realidade -o fenómeno sonoro-temporal en que consiste a música- que se sitúa nun plano totalmente distinto ao da escritura, senón, sobre todo, por ese especial xeito de ser da música, linguaxe expresiva por excelencia, linguaxe dos «afectos», como dicían os vellos mestres do XVII e o XVIII, linguaxe das emocións, que poden ser expresadas con tantos acentos diferentes como artistas capacitados se acheguen a ela para descifrar e transmitir a súa mensaxe.

Isto, polo momento, supón a aprendizaxe -que pode ser previo ou simultáneo coa práctica instrumental- do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, sequera sexa de xeito ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, polo tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético, e desenvolver ao propio tempo a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito persuasivo, convincente, a emoción de orde estética que no espírito do intérprete esperta a obra musical cifrada na partitura.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda o instrumento da súa elección, posibilidades que se achan reflectidas na literatura que nos legaron os compositores ao longo dos séculos, toda unha suma de repertorios que, polo demais, non cesa de incrementarse. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento é ao que chamamos técnica.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademais, absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. De todas as maneiras, terase moi en conta que o traballo técnico, representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento, debe estar sempre ineludiblemente unidos na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle, elu-

dindo constantemente o perigo de que queden reducidas a unha mera exercitación ximnástica.

Neste sentido, é necesario, por non dicir imprescindible, que o instrumentista aprenda a valorar a importancia que a memoria -o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como mero executante e, máis aínda, como intérprete, ata se na súa práctica profesional normal -instrumentista de orquestra, grupo de cámara, etc.-non ten necesidade absoluta de tocar sen axuda da parte escrita. Non é este o lugar de abordar en toda a súa extensión a importancia da función da memoria no desenvolvemento das capacidades do intérprete, pero si de sinalar que á marxe desa básica memoria subconsciente constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos, sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, só se sabe aquilo que se pode recordar en todo momento; a memorización é un excelente auxiliar no estudo, por canto, entre outras vantaxes, pode supoñer un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida; a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstituír a coherencia e a unidade do seu devir.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

O traballo sobre esas outras disciplinas, que para o instrumentista se poden considerar complementarias, pero non por iso menos imprescindibles, conduce a unha comprensión plena da música como linguaxe, como medio de comunicación que, en canto que tal, se articula e se constitúe a través dunha sintaxe, duns principios estruturais que, aínda que poden ser apreñidos polo intérprete a través da vía intuitiva nas etapas iniciais da súa formación, non cobran todo o seu valor máis que cando son plena e conscientemente asimilados e incorporados á bagaxe cultural e profesional do intérprete.

Todo iso lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

ACORDEÓN Obxectivos

As ensinanzas de acordeón dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Demostrar un control sobre o fol de maneira que se garanta, ademais da calidade sonora adecuada, a consecución dos diferentes efectos propios do instrumento requiridos en cada obra.

c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas da literatura acordeonística de diferentes compositores, estilos, linguaxes e técnicas de importancia musical e dificultade adecuada a este nivel.

d) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, rexistro, fol, etc.

e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

f) Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

g) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Contidos

-Desenvolvemento do perfeccionamento técnico-interpretativo en función do repertorio e a modalidade instrumental elixida.

-Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dos dedos.

-Técnica do fol e efectos acústicos propios do instrumento (Bellowsatre, ricochet, distorsións).

-Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir calidade de son.

-Afondamento no traballo de articulación e acentuación (legato, staccato, leggero, coulé, detaché, etc.).

-Afondamento no estudo da dinámica e do rexistro.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grañas e efectos.

-Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.

-Elección da dixitación, articulación, fraseo e indicacións dinámicas en obras onde non figuren tales indicacións.

-Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.

-Toma de conciencia das propias calidades musicais e do seu desenvolvemento en función das exixencias interpretativas.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

CANTO Obxectivos

As ensinanzas de canto dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Demostrar un control suficiente do aire mediante a respiración diafragmática que posibilite unha correcta emisión, afinación e articulación da voz.

b) Coñecer as características e posibilidades da propia voz (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas, etc.) e saber utilizalas correctamente na interpretación.

c) Empregar a fonética adecuada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto.

d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

e) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación coa voz.

f) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Estudo da respiración.

-Vocalizacións.

-Traballo da intensidade e gradación do son vocal.

-Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.

-Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a consecución do máximo de fiato.

-Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais.

-Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias.

-Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico-vocal.

-Estudo dun repertorio que deberá incluír cancións e arias españolas e italianas antigas, cancións de concerto españolas, cancións latinoamericanas, italianas, alemás e francesas, romanzas de zarzuela e ópera española e estranxeira e arias de oratorios ou cantatas.

-Estudo do repertorio propio do patrimonio galego.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas graffas e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

CLAVECÍN Obxectivos

As ensinanzas de clavecín dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer a historia e a literatura do clavecín e dos instrumentos afíns de teclado que conviviron con el, así como as súas formas musicais básicas.

b) Valorar a importancia do traballo de investigación para interpretar adecuadamente a literatura do instrumento.

c) Aplicar o rexistro adecuado ás obras estudadas atendendo a consideracións expresivas e estilísticas.

d) Ornamentar, cando cumpra, as obras interpretadas de acordo coas características do estilo correspondente.

e) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, cambios de teclado, rexistro, etc.

f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

h) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración, e interpretar un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Traballo das diferentes dixitacións segundo épocas e estilos.

-Exercicios encamiñados a conseguir un bo control do instrumento e a favorecer a automatización das distintas dificultades técnicas.

-Rexistro e cambios de teclado.

-Estudo do baixo cifrado e a súa realización, improvisación e acompañamento a partir dun baixo cifrado.

-Práctica da lectura á vista.

-Estudo da semitonía subintelecta.

-Sistema hexacordal.

-Coñecemento dos recursos e figuras retóricas da época e a súa aplicación á composición e interpretación de determinadas formas musicais. Estudo das danzas e evolución da suite.

-Interpretación do repertorio básico do clavecín que inclúa reducións orquestrais realizadas por compositores da época e o tratamento dado ao instrumento.

-Iniciación á interpretación de música contemporánea e as súas graffas e efectos.

-Coñecemento do funcionamento do clavecín de pedais: o seu rexistro e técnicas especiais.

-Estudo e práctica das diversas afinacións.

-Técnicas básicas de mantemento do instrumento.

-Coñecemento dos distintos tipos de clavecín, construción e influencia na literatura das distintas épocas e estilos en cada país.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

FRAUTA DE BICO Obxectivos

As ensinanzas de frauta de bico dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Valorar a importancia do traballo de investigación para interpretar adecuadamente a literatura do instrumento.

b) Ornamentar, cando cumpra, as obras interpretadas de acordo coas características do estilo correspondente.

c) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

e) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

f) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración, e interpretar un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Estudo do repertorio para frauta solista, con e sen acompañamento, e para conxunto de frautas.

-Desenvolvemento da improvisación como premisa para a interpretación de glosas e cadencias solistas.

-Práctica da ornamentación nos séculos XVI, XVII e XVIII.

-Estudo dos tratados antigos sobre a técnica da frauta de bico e sobre a interpretación da música.

-Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque. Estudo en profundidade do fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.

-Afondamento na dinámica e a precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refiren, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafas e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

GAITA Obxectivos

As ensinanzas de gaita dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.

c) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.

d) Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.

e) Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.

f) Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do son.

g) Ser capaz de ornamentar de acordo con criterios estilísticos, así como fomentar a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.

h) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

i) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Contidos

-Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

-Estudo do repertorio para gaita solista, cuarteto tradicional, bandas e formacións folk.

-Exercicio de improvisación e variacións sobre melodías de corte tradicional.

-Práctica de transcrición e adaptación á gaita de repertorio proveniente doutras cornamusas.

-Estudo fonográfico e bibliográfico sobre a música tradicional e a expansión da cornamusa no mundo.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Práctica de conxunto.

Guitarra Obxectivos

As ensinanzas de guitarra dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.

c) Coñecer as diversas convencións interpretativas viventes en distintos períodos da historia da música

instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

e) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

f) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración.

g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Afondar no estudo da dicitación e a súa problemática: dicitación de obras ou pasaxes polifónicas en relación coa condución das distintas voces. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque.

-A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

-O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.

-Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio da guitarra de acordo coas exixencias das distintas épocas e estilos.

-Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, percusión, etc.). Harmónicos oitavados.

-Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos.

-Iniciación á interpretación de música contemporánea e ao coñecemento das súas grañas e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

ARPA Obxectivos

As ensinanzas de arpa dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Demostrar un bo control do uso dos pedais e da afinación.

c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.

d) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación (dixitación, articulación, etc.).

e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

f) Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

g) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Contidos

-Práctica en todas as oitavas da arpa de: intervalos harmónicos, acordes, escalas e arpejos con cambios de tonalidades maiores e menores.

-Mans paralelas, inversas, cambios de sentido, mans cruzadas, alternadas, combinacións de fórmulas en cada man para desenvolver a independencia entre ambas.

-Exercicios de improvisación.

-Estudo de cadencias e importancia dos graos da escala como recursos para as técnicas a piacere.

-Aplicación dos efectos e matices ás distintas épocas e estilos.

-Afondamento na dicitación e no fraseo.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grañas e efectos.

-Estudo das notas de adorno nas distintas épocas e estilos.

-Estudo do repertorio sinfónico.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

INSTRUMENTOS DE CORDA: VIOLÍN, VIOLA, VIOLONCELLO, CONTRABAIXO Obxectivos

As ensinanzas dos instrumentos de corda (violín, viola, violoncello e contrabaixo) dos estudos profesio-

nais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

b) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

c) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

d) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

e) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

f) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel.

Contidos

-Continuación do traballo sobre os cambios de posicións.

-Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.

-Desenvolvemento da velocidade.

-Perfeccionamento de todas as arcadas.

-Harmónicos naturais e artificiais.

-Traballo da polifonía nos instrumentos de corda.

-A calidade sonora: Cantabile e afinación.

-Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.

-Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento dos seus grañas e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

INSTRUMENTOS DE CORDA PULSADA DO RENACEMENTO E NO BARROCO

Obxectivos

As ensinanzas dos instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Valorar a importancia do traballo de investigación para interpretar adecuadamente a literatura de cada instrumento.

b) Coñecer os tipos de tablatura, incluíndo os signos de dixitación e ornamentación.

c) Coñecer as características, posibilidades e recursos expresivos destes instrumentos para conseguir un perfeccionamento da calidade sonora.

d) Practicar música de conxunto de acordo coas formacións propias de cada época e instrumento.

e) Coñecer a historia e literatura desta familia de instrumentos, así como as súas formas musicais básicas.

f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

h) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, segundo cada instrumento, dunha dificultade acorde con este nivel.

Contidos

-Estudo dun instrumento do Renacemento e outro do Barroco.

-Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para o desenvolvemento dunha boa calidade sonora.

-Desenvolvemento da coordinación dos dedos e de ambas as mans.

-Estudo de obras propias deste nivel.

-Práctica da música de conxunto e iniciación ao baixo continuo.

-Iniciación ao mantemento do instrumento (trasteado e encordoamento).

-Introdución aos ornamentos e á diminución.

-Estudo da articulación, fraseo e dixitacións.

-Desenvolvemento dunha condución clara das voces.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

INSTRUMENTOS DE MÚSICA MODERNA: BAIXO ELÉCTRICO Obxectivos

As ensinanzas de baixo eléctrico dos estudos profesionais de música terán como obxectivo para desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Adquirir as diferentes técnicas para a afinación do instrumento como fase previa para a execución.

c) Entender a historia, evolución e características do instrumento en relación cos diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e o jazz.

d) Asimilar os conceptos propios da linguaxe musical e da harmonía, lograr o nivel de lectura necesario para a interpretación de guións, partituras e notacións específicas para guitarra eléctrica, con fluidez.

e) Coñecer as características técnicas do instrumento e o seu mantemento, utilizar os accesorios, os efectos, o material de amplificación e de ecualización para a adaptación adecuada a unha situación musical concreta e para investigar na creación de novas sonoridades.

f) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar relativos á dicitación, fraseo, dinámica.

g) Afondar na execución con precisión rítmica e na interiorización do tempo.

h) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

i) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

j) Practicar a música de conxunto.

k) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Posición da man esquerda.

-Pulsación.

-Combinacións de dedos da man dereita.

-Afondamento de estudos da man dereita en posición fixa.

-Coñecemento e afondamento nos cambios de posicións: primeiras posicións e posicións superiores.

-Saltos de corda.

-Exercicios rítmicos sobre cordas ao aire.

-Acordes. Arpexos. Escalas.

-Estruturas harmónicas.

-Patróns rítmicos: transposición de patróns rítmicos sobre estruturas harmónicas.

-Estudos con cambios de figuras en distintos compases.

-Acompañamento V-I sobre secuencias de acordes maiores e menores.

-Control de ton, volume e cambio de pastilla do instrumento.

-Ritmos básicos.

-Estudos en compases simples e compostos.

-Transposición de patróns rítmicos sobre estruturas harmónicas.

-Acompañamento de secuencias con arpexos ata a sétima.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

GUITARRA ELÉCTRICA Obxectivos

As ensinanzas da guitarra eléctrica dos estudos profesionais de música terán como obxectivo que o alumnado desenvolva as seguintes capacidades:

a) Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Adquirir as diferentes técnicas para a afinación do instrumento como fase previa para a execución.

c) Entender a historia, evolución e características do instrumento en relación cos diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e o jazz.

d) Asimilar os conceptos propios da linguaxe musical e da harmonía, lograr o nivel de lectura necesario para a interpretación de guións, partituras e notacións específicas para guitarra eléctrica, con fluidez.

e) Coñecer as características técnicas do instrumento e o seu mantemento, utilizar os accesorios, os efectos, o material de amplificación e de ecualización para a adaptación adecuada a unha situación musical

concreta e para investigar na creación de novas sonoridades.

f) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar relativos a dixitación, fraseo, dinámica.

g) Profundar na execución con precisión rítmica e na interiorización do tempo.

h) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

i) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

j) Practicar a música de conxunto.

k) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

Contexto histórico, social e cultural da guitarra.

-Análise dos xéneros e intérpretes máis representativos en diferentes formatos gráficos e de audio.

-Comprensión das funcións rítmicas, melódicas e estilísticas inherentes á guitarra.

-Aprendizaxe gradual dos valores rítmicos, compases, armaduras, escaleiras e tonalidades mediante o sistema de posicións.

-Lectura á vista.

-Notación estándar e tabulatura.

-Lectura rítmica, melódica e harmónica.

-Cifrados de acordes.

-Articulacións, dinámicas e estruturas.

-Desenvolvemento da independencia e coordinación das dúas mans de forma progresiva mediante exercitacións mecánicas.

-Técnicas da man dereita con púa e con dedos.

-Técnicas da man esquerda e elementos expresivos.

-Recursos harmónicos e técnicos aplicados ao acompañamento.

-Construción, materiais e partes da guitarra, axuste de pezas.

-Controis de volume e ton.

-Pastillas activas e pasivas.

-Pedais analóxicos e multiefectos dixitais.

-Ecuilibración e configuración do son nos equipamentos de amplificación.

-Exercitación do quentamento, relaxación, concentración e posición do corpo cara ao instrumento.

-Aplicación dos recursos adquiridos para tocar en grupo.

-Técnicas de acompañamento.

-Aplicación dos recursos e as técnicas propias da improvisación de xeito gradual fomentando o seu uso creativo.

-Ditados rítmicos, melódicos e harmónicos.

-Transcricións de sons.

-Participación e asistencia a exposicións, concertos, jams e seminarios especializados.

-Producción musical, edición de partituras, secuenciación e internet.

INSTRUMENTOS DE PUGA

Obxectivos

As ensinanzas dos instrumentos de puga dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer basicamente as diferentes épocas que abarca a literatura de puga ao longo da súa historia e as exixencias que suscita unha interpretación estilisticamente correcta.

b) Interpretar un repertorio adecuado a este nivel, de diversas épocas e estilos, nos dous instrumentos da especialidade: bandurra e mandolina italiana.

c) Actuar con autonomía progresivamente maior para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar, relativos a dixitación, calidade de son, articulación, ritmo, fraseo, dinámica, etc.

d) Utilizar a dobre e múltiple corda, así como os efectos e posibilidades sonoras dos instrumentos, de acordo coas exixencias do repertorio.

e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Contidos

-Afondar no estudo da dixitación e a súa problemática, o desenvolvemento e perfeccionamento das articulacións (mantemento da calidade de son en todas as articulacións e capacidade de «modelar» ese son).

-A dinámica e a súa precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refire, e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

-O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.

-Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio de puga de distintas épocas e estilos.

-Exercitar a improvisación e a lectura á vista.

- Técnicas básicas de mantemento do instrumento.
- Estudo dos efectos acústicos no instrumento (resonancia, harmónicos, etc.).
- Interpretar con dobre corda e coñecer a execución en cordas múltiples. Traballo da transposición.
- Estudo dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

INSTRUMENTOS DE VENTO MADEIRA: FRAUTA TRAVESA,
ÓBOE, CLARINETE, FAGOT E SAXOFÓN
Obxectivos

As ensinanzas dos instrumentos de vento-madeira (fruta travesa, óboe, clarinete, fagot e saxofón) dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres (para os instrumentos que as teñen).
- d) Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

Contidos

-Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade en legato, nos distintos «staccatos», nos saltos, etc.).

Afondamento no estudo do vibrato de acordo coas exigencias interpretativas dos diferentes estilos.

-Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

-Estudo do rexistro sobreagudo nos instrumentos que o utilizan.

-Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver ao máximo o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.

-Estudo do repertorio solístico con orquestra de diferentes épocas correspondente a cada instrumento.

-Estudo dos instrumentos afíns.

-Iniciación á interpretación de música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

-Fabricación de canas segundo os métodos tradicionais (instrumentos de lingüeta dobre).

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

INSTRUMENTOS DE VENTO METAL: TROMPA, TROMPETA,
TROMBÓN, TUBA
Obxectivos

As ensinanzas dos instrumentos de vento-metal (trompa, trompeta, trombón, tuba) dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.
- b) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- d) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

g) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Contidos

-Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.

-Estudo do rexistro agudo.

-Estudo dos ornamentos (trilo, grupetos, apoiaturas, mordentes, etc.).

-Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este nivel.

-Afondamento en todo o referente á articulación: estudo do dobre e triplo picado.

-Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

-Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

-Estudo dos instrumentos afíns (fliscornio, bombardino e trombón alto e baixo).

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

ÓRGANO Obxectivos

As ensinanzas de órgano dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer os fundamentos sonoros do órgano e adquirir a capacidade necesaria para utilizar as súas posibilidades.

b) Demostrar o nivel de coordinación motriz necesario entre mans e pés co fin de poder facer fronte ás exigencias do repertorio.

c) Controlar e administrar o caudal sonoro do órgano e as distintas modalidades de toque en función da acústica do local onde se instale.

d) Coñecer e utilizar nos distintos tipos de órgano o rexistro en función da época e do estilo da música destinada a eles.

e) Relacionar os coñecementos litúrxicos coa función de certas formas musicais características do seu repertorio (preludios, corais, versos, etc.).

f) Coñecer os distintos estilos de interpretación segundo épocas e escolas.

g) Valorar a importancia do traballo de investigación para interpretar adecuadamente a literatura do instrumento.

h) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

i) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

j) Interpretar un repertorio integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.

Contidos

-Exercicios manuais sobre os cales se traballen as distintas modalidades de toque propias do órgano.

-Coñecemento e práctica do pedaleiro.

-Exercicios combinados de manual e pedal para desenvolver a independencia de mans e pés (escalas por movemento contrario entre manual e pedal, combinación simultánea de ritmos binarios e ternarios, exercicios en trío, etc.).

-Estudo dos tratados de rexistro existentes, segundo escolas e épocas. Coñecemento da ornamentación, segundo países e estilos.

-Traballo da articulación, fraseo e dixitacións.

-Estudo do baixo cifrado.

-Práctica da lectura á vista.

-Estudo das distintas escolas de construción de órganos en Europa.

-Formas litúrxicas relacionadas coa música de órgano.

-Estudo do órgano barroco español e da música ibérica destinada a el.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

PERCUSIÓN Obxectivos

As ensinanzas de percusión dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Dominar tecnicamente todos os instrumentos da especialidade, así como a coordinación rítmica e motriz que exige o seu conxunto.

b) Tocar en grupo sen director ou directora, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.

c) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, coordinación entre as dúas mans, dinámica, etc.

d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

e) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento

f) Actuar en público cunha formación de percusión combinada.

g) Interpretar un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Desenvolvemento de toda a gama de modos de ataque.

-Ritmos compostos e grupos irregulares.

-Caixa (redobres, paradiddles, etc.).

-Timbais (afinación con cambios, técnica de glisando, etc.).

-Batería (independencia e dominio da coordinación, cadencias e breaks, etc.).

-Láminas (desenvolvemento da velocidade, acordes con catro baquetas, técnicas Stevens e Across).

-Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de presentacións contrapuntísticas de maior complexidade.

-Instrumentos accesorios e de efecto (coñecemento básico de ritmos populares en instrumentos latinoamericanos, técnica de todos os instrumentos, obras para percusión combinada).

-Práctica da lectura á vista.

-Traballo da improvisación.

-Traballo de conxunto.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas graffas e efectos.

-Estudo da literatura orquestral e sós.

-Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos (láminas e timbais). Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

PIANO Obxectivos

As ensinanzas de piano dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer as diversas convencións interpretativas viventes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

b) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

c) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

d) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

e) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar relativos a dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.

f) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.

Contidos

-Estudo en profundidade da dixitación e a súa problemática.

-Desenvolvemento e perfeccionamento de toda a gama de modos de ataque.

-A utilización progresivamente maior do peso do brazo como principal fonte de forza e de control da sonoridade.

-A dinámica, a precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refiren e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

-A utilización dos pedais e a potenciación que experimentaron os seus recursos na evolución da escritura pianística.

-O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos; ligado a iso, o desenvolvemento da cantabilidade no piano.

-Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas graffías e efectos.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

VIOLA DA GAMBA Obxectivos

As ensinanzas de viola da gamba dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes estilos de dificultade adecuada ao nivel.

b) Dominar, no seu conxunto, a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

c) Comprender a dualidade tensión-distensión no texto musical e as súas consecuencias na respiración e no xesto.

d) Valorar a importancia do traballo de investigación para interpretar adecuadamente a literatura do instrumento.

e) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

f) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

g) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e interpretar un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.

Contidos

-Nocións de temperamentos históricos e da súa aplicación aos instrumentos de trastes.

-Interpretación do repertorio solista.

-Práctica de acompañamento, música de cámara, conxunto de violas e conxunto mixto.

-Realización de acordes segundo baixos cifrados.

-Práctica de improvisación histórica.

-Introdución aos ornamentos e á diminución.

-Traballo en toda a extensión do mastro do instrumento e desenvolvemento de todos os recursos que permitan o xogo polifónico propio do instrumento.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

-Práctica de conxunto.

Criterios de avaliación dos instrumentos

1) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que condúzan a unha perda de control na execución.

2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

5) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

6) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

7) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

8) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 15 de outubro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral da Presidencia.

De acordo co disposto na disposición adicional primeira do Decreto 44/2006, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 145/2007, do 19 de xullo, estes órganos estarán baixo a dependencia orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que exercerá respecto deles todas as competencias en materia de persoal e as xestionará a través da Secretaría Xeral da Presidencia.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria, dentro do respecto aos principios informadores da actuación administrativa que se recollen no artigo 103.1º da nosa Constitución.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, na redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co disposto no artigo 13 da Ley 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a prol dunha maior eficacia na xestión do persoal dependente dos órganos superiores da Presidencia e da Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Deléganse na Secretaría Xeral da Presidencia as facultades que lle corresponden ao conselleiro en materia de persoal, en relación ao persoal dependente dos distintos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 15 da Lei 4/1988, do 26 de maio, e demais disposicións en vigor.

Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse ditadas polo órgano delegante.

Artigo 3º

Esta delegación estará vixente en tanto en canto se manteña a súa habilitación regulamentaria.

Artigo 4º

Esta delegación supón a advocación previa da delegación de competencias previstas no artigo 1.e) da Orde do 11 de agosto de 2005 sobre delegación de competencias no secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se refire ao persoal dependente dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia.

Disposición derogatoria

Queda derogada a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de marzo de 2006, pola que se dispón a encomenda á Secretaría Xeral da Presidencia da xestión do persoal dos distintos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de outubro de 2007 pola que se modifica a do 29 de maio pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.1º que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificación e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional; cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.